En todo el proyecto de urbanización primará el estudio del cumplimiento de accesibilidad entendiéndose que las determinaciones de la normativa sectorial es como siempre un límite al que no hay que llegar. Se cuidará especialmente los materiales a emplear siempre bajo la supervisión de los servicios técnicos municipales pero primará con su cualidad estética la facilidad de mantenimiento y reposición. Siempre y en todo caso se tiene que analizar la repercusión organoléptica del material que se coloque, no basta que se realicen rampas en las zonas de paso de peatones adaptadas a las dimensiones que indica la normativa, el material de la rampa y la zona que lo bordea deberá distinguirse por su color y su textura.

El criterio que a guiado en el diseño del barrio desde el punto de vista de circulación y viario ha sido la creación de un barrio nucleado dirigido a la relación vecinal y de servicios en ausencia del automóvil. El coche solo se utiliza para llegar aquí o marcharse. Por ese, motivo la zona se desarrolla entorno a una serie de plazas y plazuelas con distinto carácter y sin solución de continuidad. El automóvil se mueve por un sistema viario local creado alrededor de la unidad vecinal para dar servicio a los distintos bloques. Se opta por un aparcamiento lineal en lugar de crear una playa de manera que se distribuya a lo largo de todo el ámbito y no tenga el aspecto de un campo de fútbol en día de partido.

Las pendientes de todo el sistema viario están adaptadas a las permitidas por la normativa de accesibilidad de manera que todas las aceras e itinerarios peatonales tengan la cualidad de ser practicables por personas con cualquier grado de minusvalía.

Los servicios urbanísticos mínimos que contemplará el proyecto de urbanización serán: agua de la red municipal para el abastecimiento humano, red de riego e hidrantes que podrá ser la misma, esta red no podrá tener ramales terminales si no que siempre acabará en un circuito cerrado con una derivación a la red de saneamiento de pluviales para su posible descarga y renovación; red saneamiento separativa de pluviales y fecales, redes de energía eléctrica de servicio a las edificaciones y de alumbrado público, redes de telecomunicaciones y gas.

Todas las instalaciones irán enterradas y no se admite ningún tendido aéreo ni por la fachadas de las edificaciones, en tan siquiera el gas.

Las redes de servicio, tanto eléctricas como de telecomunicaciones, se proyectarán para que puedan concurrir a su ejecución cualquiera de las compañías autorizadas y de tal manera dimensionada que pueda ejercerse libremente la competencia con diversas compañías sin que afecte a nuevas obras de urbanización o civiles ordinarias.

Se potenciará la utilización de una antena común para todo el barrio donde se podrá instalar antenas de telefonía móvil siempre que se realice fuera de las edificaciones y con un diseño adecuado en cuya aprobación intervendrá el Ayuntamiento.

Se potenciará la utilización de energías alternativas en cuyo caso la instalación de aparatos de transformación se someterá al criterio municipal pudiendo realizarse en los espacios libres siempre que su ocupación no sea la que permite el PG para equipamientos en estas zonas dentro de su normativa general.

Los transformadores de la luz se realizarán en el interior de las viviendas no pudiendo utilizarse ni el subsuelo ni el espacio aéreo de los terrenos de dominio público.

.....”

O que se fai público para a súa executividade, significándose que contra o acto de aprobación definitiva desta modificación, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente por quen se considere lexitimado o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da disposición impugnada, consonte o establecido nos artigos 10.1.b) e 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, regulamentadora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, poderase tamén interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito, significándolle que o art. 107.3 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/99, de modificación da anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Pontevedra, a 16 de novembro de 2010.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez.

2010012365

EXPEDENTE SESIÓN PLENARIA 22.10.2010 – REF. 13/2010

TRÁMITE: EXTRACTO ACORDOS ADOPTADOS

De conformidade co sinalado polo artigo 197 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise público extracto comprensivo do acordo adoptado na sesión plenaria deste Concello que tivo lugar o día 22.10.2010.

ASUNTO

RESULTADO

Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do 17.09.2010. *Aprobada*

ECONOMÍA E FACENDA.—Aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil. *Aprobada*

ECONOMÍA E FACENDA.—Recoñecemento extraxudicial da obriga de débedas por sancións a favor do Organismo Augas de Galicia. *Aprobado*

ECONOMÍA E FACENDA.—Aprobación da delegación na Xunta de Goberno Local do establecemento e regulación de prezos públicos. *Aprobado*

ORDENACIÓN TERRITORIO.—Toma de coñecemento e ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 30.09.2010 polo que se formularon observacións e suxestións no trámite de información pública subsecuente á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. *Ratificado*

URBANISMO.—Aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do Conxunto Histórico Artístico de Pontevedra (PEPRICA) para museización de restos arqueolóxicos achados ñas Prazas do Peirao e Valentín García Escudero e rúas Mestre Mateo e Santa María. *Aprobado*

URBANISMO.—Aprobación definitiva do Estudo de Detalle para reaxustar aliñacións correspondentes a parcelas situadas no eido do PERI de Estríbela entre a Avenida de Avelino Montero Rios nº 28 e a Avenida do Marqués de Valterra nº 1 promovido por D. Fidel Abad Mosquera. *Aprobado*

RÉXIME INTERIOR.—Ratificación decreto Alcaldía do 22.09.2010, de nomeamento de representante municipal no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra. *Ratificado*

ECONOMÍA E FACENDA.—Memoria de actividades do Tribunal Económico Administrativo do exercicio 2009. Toma de coñecemento. *Tomou coñecemento*

Coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o me de setembro de 2010, así como das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de agosto de 2010. *Tomou coñecemento*

Poderá obterse maior información, de así desexarse, con consulta da acta, logo da súa petición.

Pontevedra, a 25 de outubro de 2010.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luís Mato Rodríguez.

2010011555

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 19.11.2010, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito 10/2010 (3CEXT-SUP/2010), dentro de orzamento xeral do Concello de Pontevedra para o exercicio 2010, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe de un millón catro mil cincocentos trinta e un euros con trinta céntimos (1.004.531,30 €).

Polo tanto, expónse ao público nas oficinas de Intervención e Xestión Orzamentaria deste Concello durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste Edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello.

Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que teñan por convenientes ante o Pleno da Corporación. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación considerarase definitivamente aprobada, entrando en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Pontevedra, a 19 de novembro de 2010.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez.

2010012492

Notificación de Trámite de Audiencia, previo a orde de execución de limpeza de terreo en Santa Ana, colindante ao número 3 de Pontevedra.

Intentada a notificación do acto de trámite sinalado no asunto a Manuel González Carballo e ao non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese a notificar mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Pontevedra o seguinte:

“DMA 179/10. Vista denuncia recibida neste Concello na que se pon de manifesto a existencia de terreo en mal estado de conservación, con sucidade, na rúa Santa Ana nº 3 en Estribela, Pontevedra, feitos que se comprobaban polo Arquitecto municipal da OTI en data 30-08-10 no que textualmente indica:

- “Debe ordenarse al propietario del inmueble para que en un plazo no mayor de treinta (30) días, proceda a la limpieza de su propiedad de toda clase de basuras o restos no utilizables”

Identificando cos datos catastrais dos que dispón o Concello ao propietario Manuel González Carballo.

Tendo en conta que é obriga dos propietarios dos terreos, e urbanizacións de iniciativa particular e edificacións mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico, e que os Concellos ordenarán de oficio ou por instancia de calquera interesado, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación de prazo de realización (art. 199 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e arts. 24 e 26 do Decreto 28/1999. de 22 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia), por medio do presente, e con carácter previo á orde de execución a que haxa lugar en dereito para que proceda á limpeza do predio outórgaselle, ó abeiro dos arts 27 do Decreto 28/1999, e 84 da Lei 30/92 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, trámite de Audiencia e vista no expediente durante un prazo de 10 días, contados a partir da notificación do presente acto administrativo co fin de que poida examinalo e presenta-las alegacións que estime procedentes en defensa dos seus dereitos e intereses.

O que lle comunico para os oportunos efectos.

Pontevedra, 13 de outubro do 2010.—O Alcalde, P.D., O Director Xeral da Área de Disciplina e Policía Administrativa, J. Manuel Torres Corredoira.

Pontevedra, a 19 de novembro do 2010.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.

2010012615

A N U N C I O

De conformidade co art. 5.4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, procede a publicación polo Pleno da Corporación dun informe agregado da relación de facturas e documentos que se lle presentaran, agrupados segundo o seu estado de tramitación.

Téndose presentado pola Tesourería municipal o informe trimestral que ven en esixir o art. 4.3 da devandita lei, e incorporada ao mesmo a relación de facturas elaborada polo Órgano de Contabilidade

e Xestión orzamentaria, segundo o art. 5.4 da mesma norma, procédese, nos termos do acordo do Pleno desta Corporación do 19.11.2010, á publicación do referido informe agregado:

- A) Resume de facturas rexistradas o 7 de xullo de 2010 e que a oito de outubro non foron obxecto de recoñecemento da obriga, superando así os tres meses, segundo relación do Órgano de Xestión Contable e Orzamentaria:

<i>Nº de facturas</i>	<i>Importe total (€)</i>
6	118.908,70.

- B) Razóns expostas para o non recoñecemento da obriga:

“Cinco facturas correspondentes a xxxxxxxx foron obxecto de reparo pola Intervención Xeral, non solventándose o mesmo ata o 4 de novembro de 2010, data na que se emitiu a correspondente resolución da Alcaldía.

E unha factura de xxxxxxxx, correspondente ao 70% do contrato de servizos asinado para o cadre de recadación e de contabilidade que foi emitida o 30 de xuño de 2010; agora ben este OXPC non lle prestou a súa conformidade toda vez que considera necesario para o seu pagamento que se conclúa alomenos o proceso de integración dos cobros dende o período xaneiro a maio de 2010, e de xuño a agosto, aínda pendente de entregar.”

- C) Cumprimento dos prazos sinalados por lei para o pago das obrigas pendentes, segundo informe da Tesourería Municipal:

“Os datos reflectidos son os relativos ao intervalo temporal comprendido entre o 07/07/2010 e o 07/10/2010 (o primeiro trimestre a partir da entrada en vigor da lei), é dicir das facturas que foron rexistradas ao longo dese período.

Facturas pagadas dentro do prazo de 55 días

<i>Nº FACTURAS</i>	<i>% S/ FACTURAS PAGADAS</i>	<i>PAGO</i>	<i>IMPORTE PAGADO</i>	<i>% S/ IMPORTE</i>	<i>PRAZO MEDIO DE PAGO</i>
203	86,02%	En prazo	3.106.748,19	84,88%	22,3 días *

* Prazo medio de pago das facturas con RPPA

Facturas pagadas excedendo o prazo dos 55 días:

<i>Nº FACTURAS</i>	<i>% S/ FACTURAS PAGADAS</i>	<i>PAGO</i>	<i>IMPORTE PAGADO</i>	<i>% S/ IMPORTE</i>	<i>PRAZO MEDIO DE PAGO</i>
33	13,98%	Fora de prazo	553.541,55	15,12%	65,0 días

En canto ás facturas que tendo entrada nese período temporal estaban a incumprir o prazo de 55 a data do 08/10/2010 estas eran 118 facturas, cun montante total de 1.262.771,86€ e cuxo retraso medio era de 25 días. A data deste informe, todas esas facturas figuran en contabilidade como pagadas efectivamente.

Debe facerse a precisión de que, o prazo medio dende que se expide o documento contable “P” para facer o pago efectivo dende a Tesouraría é de 5,75 días, prazo que comprende a recollida das sinaturas preceptivas para facer o pago efectivo, a preparación das transferencias, a sinatura destas polas persoas autorizadas e a remisión dos ficheiros aos bancos.”

O que se fai público en cumprimento dos preceptos sinalados e segundo as funcións encomendadas a esta Secretaría polos arts. 122.5 d) da Lei 7/1985 e 47.1 e) do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas comisións do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, a 24. de novembro do 2010.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez.

2010012680

A N U N C I O

O Pleno do Concello, na sesión de 23.07.2010, aprobou os estatutos e a memoria xustificativa da conveniencia e oportunidade do establecemento da explotación de redes e prestación dos servizos de comunicacións electrónicas polo Concello de Pontevedra.

O expediente, incluída a memoria, someteuse a exposición pública durante 30 días hábiles mediante anuncio inserido no BOP 18.08.2010 e no taboleiro de anuncios. Durante o citado período non se presentou observación, reclamación ou suxestión ningunha.

O Pleno do Concello, na sesión de 19.11.2010, aprobou definitivamente a devandita memoria e dispuxo a publicación do texto íntegro da memoria que é do teor literal seguinte:

**“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO ESTABLECEMENTO
DA EXPLOTACIÓN DE REDES E PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS
POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

A presente memoria ten por obxecto analizar a conveniencia e oportunidade de que o Concello de Pontevedra desenvolva as actividades de telecomunicacións como xestor de redes e prestador de servizos de comunicacións electrónicas analizando as posibilidades e principios desta intervención municipal, e elaborase ao abeiro do establecido no artigo 97.1.b do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

1. – ASPECTOS SOCIAIS

1.1. – A REVOLUCIÓN DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN.

Na actualidade estamos a observar como se produce unha transición froito de unha nova revolución, a denominada revolución da tecnoloxía da información, mediante a aplicación das novas tecnoloxías á creación, tratamento e transmisión da información en xeral, xerándose así un novo tipo de sociedade cuxas formas de relacionarse cambian radicalmente.

Por isto afirmase que nos atopamos ante unha Revolución Tecnolóxica, similar a anteriores revolucións, nas que el elemento clave subxacente é a xeración y distribución de información, sendo Internet a tecnoloxía necesaria para a distribución da información, e por isto, en función da súa dispoñibilidade, como en anteriores revolucións, increméntanse tamén as desigualdades sociais respecto de aqueles países que están “desconectados” e que precisarían dun modelo de desenvolvemento baseado na información e o coñecemento. Isto é o que se coñece como fenda tecnolóxica.

Pódese afirmar polo tanto que estamos ante unha Revolución da Tecnoloxía da Información por canto implica un cambio transcendental na forma de manipular o coñecemento: cambios que afectan ás tradicionais formas de crear valor económico, especialmente coa rede onde se realizan as transaccións entre vendedores e compradores, cambios respecto do medio que os individuos E organizacións utilizan para compartir información, crear coñecemento, etc.. cambios na forma de organización do traballo

Faise necesario polo tanto que a poboación en xeral acceda a esta tecnoloxía e teña a súa disposición os medios necesarios para participar e relacionarse a través da rede.

Dende datas recentes, as Administracións Públicas, en particular as entidades locais e autonómicas, están contribuíndo a desenvolver redes e servizos de telecomunicacións nos seus respectivos territorios, mediante iniciativas que afectan especialmente á conectividade de banda ancha. Esta progresiva inquietude das administracións territoriais por dotar aos seus cidadáns de acceso aos servizos da sociedade da información e evitar os efectos negativos da denominada “fenda tecnolóxica” tradúcese na creación de redes destinadas ao uso tanto interno das propias administracións como dos cidadáns.

Este fenómeno foise acelerando coa irrupción no mercado de tecnoloxías como wi-fi, capaces de substituír en certa medida ás tradicionais (cable, ADSL, LMDS...) de forma rápida, económica e con calidades e prestacións equiparables ás ofrecidas polos operadores establecidos. De aí que se producira unha proliferación de redes de acceso wi-fi, que se despregan, por regra xeral, en territorios onde os

operadores privados non se implantaron, entre outros motivos por tratarse de lugares onde os estudos de mercado non aconsellan a realización das inversións necesarias.

Nos casos onde non existe competencia real ou potencial, normalmente a administración opta pola constitución de empresas públicas para a explotación destas redes, aínda que tamén pode optar por incentivar aos operadores privados para que as desenvolvan. Tamén pode suceder que as redes despregadas polas administracións públicas compitan directamente con outras establecidas, incluso con anterioridade, por operadores privados.

Unha e outra forma de intervención no sector das telecomunicacións haberán de ser compatibles coa normativa que regula as telecomunicacións como servizos prestados en libre competencia, así como co marco constitucional e comunitario da intervención pública na economía.

De aí que as administracións públicas cando actúan no mercado de telecomunicacións, para o obxecto de evitar posibles distorsións á libre competencia e impedir que a súa concorrencia poida afectar de forma negativa ao desenvolvemento do sector e a consecución dos obxectivos aos que se refire o artigo 3 da LXTel deberán:

- fomentar a competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións.
- garantir o cumprimento das obrigas de servizo público.
- promover o desenvolvemento do sector das telecomunicacións, así como a utilización de novos servizos e o despregue de redes, e o acceso a estes en condicións de igualdade, e impulsar a cohesión territorial, económica e social.
- fomentar a neutralidade tecnolóxica na regulación

Na sociedade da información o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) converteuse nun factor decisivo no crecemento económico dun país ou rexión.

A dispoñibilidade de infraestrutura e conectividade en todo o territorio converteuse nun factor diferencial e haberá que ter en conta que resultaría insuficiente dispor de infraestrutura de acceso se paralelamente non se desenvolve unha oferta atractiva de produtos/servizos así como os coñecementos básicos para a súa utilización.

A banda ancha permite o aceso por parte dos cidadáns e empresas a unha maior gama de servizos e aplicacións que demandan unha maior capacidade e mellores prestacións, é un elemento clave para o desenvolvemento da sociedade da información, fomentando o crecemento económico e potenciando a competitividade, favorece a dispoñibilidade de aplicacións e servizos, incrementa a demanda por parte dos usuarios, os ingresos por cliente dos operadores e favorece o retorno das inversións.

1.2. – SITUACIÓN ACTUAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA E RESPOSTA DESTA ENTE LOCAL

A situación actual do Concello de Pontevedra pode sistematizarse na seguinte:

1. – Gran parte do mercado residencial, pero non todo, pode acceder a servizos de comunicacións electrónicas, principalmente ao servizo de acceso a internet, especialmente no centro urbano. Non obstante, existen zonas do municipios que non dispoñen da posibilidade de acceder ao servizo básico de acceso a internet en condicións óptimas. Serve de exemplo, parte da parroquia de Ponte Sampaio. O Concello nesas zonas onde non están operando os operadores privados, debe realizar as actuacións tendentes a asegurar que real e efectivamente os cidadáns poden acceder aos servizos de comunicacións electrónicas, especialmente acceso a internet. A forma con que se podería afrontar esta situación sería coa construción de redes de comunicacións electrónicas que utilizan o dominio público radioeléctrico a través de frecuencia de uso común (WIFI), o que non exclúe que se poidan utilizar outras tecnoloxías máis idóneas en determinados casos, como pode ser a WIMAX. A través destas tecnoloxías poderían ofrecer servizos que teñen poucas esixencias respecto a calidade da conexión (navegación por Internet, correo electrónico, aplicacións de chat e mensaxería instantánea, etc.), sen embargo, aplicacións máis esixentes (vídeo streaming, voz sobre IP, etc) non se garanten con estas tecnoloxías que poden provocar que os usuarios poidan sufrir unha perda de calidade, interrupcións intermitentes ou desconexións dependendo do estado de conexión da rede. Isto pode esixir que en determinados supostos, sobre todo

co avance do estado da tecnoloxía e das demandas sociais o Concello teña que afrontar outras tecnoloxías máis avanzadas e ofrecer máis servizos de comunicacións electrónicas. O servizo de internet é unha condición indispensable para o desenvolvemento do cidadán, pero co paso do tempo existirán outros que adquirirán o mesmo rango de importancia. Neses supostos o Concello deberá considerar se a ausencia da iniciativa privada xustifica a utilización de outras tecnoloxías e a prestación de outros servizos de comunicacións electrónicas.

2.—Non existen iniciativas privadas que ofrezan ao servizo acceso a Internet e aos cidadáns en mobilidade (en vías e espazos públicos e abertos). O acceso a Internet, constitúe, como é de sobra coñecido, un instrumento esencial para que as condicións de igualdade dos cidadáns sexan reais e efectivas, e existe un amplo espectro de zonas públicas onde non se esta a ofrecer polos operadores privados. Nestas situacións, especialmente, nas zonas máis concorridas, como pode ser o casco vello de Pontevedra, debe ofrecerse a posibilidade de que os cidadáns e usuarios acceden a este servizo. O mecanismo idóneo sería a través de redes inalámbricas tipo WIFI o WIMAX. Debe afirmarse o mesmo que no punto anterior, pode existir determinados supostos, sobre todo co avance do estados das tecnoloxías e das demandas sociais que o Concello teña que ofrecer outras tecnoloxías máis avanzadas para satisfacer as necesidades dos cidadáns e ofrecer máis servizos. É importante destacar como factor social que ofrecer servizos de comunicacións electrónicas en espazos públicos é un importante factor de dinamización económica, dado que fomentará o aumento de movementos de persoas e de turistas: cantos máis servizos se ofrecen e canto máis variedades hai, máis posibilidades de desenvolvemento económico.

3.—Onde existen operadores privados tamén pode ser conveniente e oportuno actuar por parte do Concello, se ben non sería nunha primeira etapa dado que existen outras prioridades (zonas e espazos sen competencia) e os recursos son limitados. Será co paso do tempo cando se prantexe a necesidade de intervir por parte deste Concello, especialmente no mercado residencial. Esa intervención en todo caso estará guiada polos seguintes principios:

- 1) Cubrir aqueles servizos de comunicacións electrónicas que non oferten os operadores convencionais.
- 2) Propiciar un incremento das ofertas.
- 3) Promover unha inversión eficiente en novas infraestruturas.
- 4) Fomentar a innovación tecnolóxica.
- 5) Prestar uns servizos mínimos de comunicacións electrónicas, cando os dos operadores convencionais non os oferten.

4.—Por outra banda, é necesario que o Concello fomente e realice actuacións tendentes a prestar ao servizo de acceso de datos (acceso a páxinas webs de entes públicos) para cumprir coa súa obriga de facilitar a máis ampla información social, dado que a data de hoxe so se facilita por internet, debendo crear redes que posibiliten o acceso as mesmas, especialmente a aqueles usuarios que non dispoñan do servizo de acceso a internet. Esta actuación podería realizarse ben dispoñendo de redes inalámbricas ou ben de fixas. Esta actuación debe desenvolverse de modo inmediato.

5.—O réxime de autoprestación dos servizos de comunicacións electrónicas debe potenciarse, non tanto no supostos dos traballadores do Concello que si se esta realizando senón sobre todo nos supostos dos usuarios con determinados servizos nos que existe unha especial vinculación: exemplo bibliotecas, centros culturais, etc, dado que non se esta ofrecendo este servizo na práctica ou moi escasamente. Pensar nunha biblioteca sen ofrecerlle aos usuarios a posibilidade de utilizar internet supón unha deficiente utilización dos servizos municipais. O Concello deberá reforzar a prestación de servizos de comunicacións electrónicas (acceso a internet especialmente) en réxime de autoprestación especialmente cos usuarios especialmente vinculados co servizo.

6.—A dotación de infraestruturas e redes e de prestación de servizos de comunicacións electrónicas en determinados espazos públicos dispoñibles ao público como instalacións deportivas, mercados e centros administrativos e de atención cidadá, especialmente acceso a internet, é algo que non se esta realizando na actualidade en Pontevedra pero que necesita realizarse porque a demanda social e o

desenvolvemento económico así o esixe. O Concello debe ofrecer e garantir que este servizo básico se poida prestar nestes recintos. Debe recordarse, que se o transcurso do tempo o esixe debe incrementarse aos servizos que se ofrecen.

A situación descrita xustifica a conveniencia e oportunidade de que o Concello opere como xestor de redes e prestador de servizos de comunicacións electrónicas, sobre todo garantindo que a oferta do servizo de acceso a internet sexa real e efectiva para todos os cidadáns e potenciando a concorrencia cos operadores privados para que a oferta sexa maior de acordo cos principios expostos sempre respectado a lexislación vixente, especialmente a libre competencia.

2.—ASPECTOS XURÍDICOS

2.1.—FUNDAMENTOS DA INTERVENCIÓN DA ADMINISTRACIÓN EN MATERIA DE TELECOMUNICACIÓNS

A Constitución Española (en adiante CE) reconece o dereito a liberdade de empresa no marco da economía de mercado (art. 38 CE) e a posibilidade de intervención dos poderes públicos detraendo sectores ou recursos do ámbito da economía do libre mercado sobre a base do interese xeral (art. 128.1 CE). Asemade, permítense a iniciativa pública no marco da economía de libre mercado (art. 128.2 CE). Con estes preceptos a intervención da administración lexitímase constitucionalmente nos seus mais amplos termos, sen mais limitacións que o sometemento ao resto do ordenamento xurídico (art. 9 CE) e a necesaria motivación de interese público que en cada caso debe concorrer (art. 103 CE), tanto se se trata de actos de autoridade como de actuacións empresariais sometidas a dereito privado.

Non se consagra pois na CE que a intervención da administración deba ser necesariamente subsidiaria da iniciativa privada. Non obstante, na medida en que a actividade das administracións debe resultar conforme co ordenamento xurídico comunitario, a lexislación sectorial sobre telecomunicación, a lexislación sobre subvencións e a lexislación horizontal sobre libre competencia, é posible concluír que a motivación da administración haberá de tomar en consideración e ponderar os distintos bens xurídicos cuxa protección ampara a normativa.

A evolución operada na lexislación do sector das telecomunicacións en datas recentes exemplifica precisamente os distintos modelos que a nosa CE permite e como se foi delimitando o papel da Administración na relación coa provisión destes servizos.

Así, pasouse da consideración dos servizos de telecomunicacións como servizos públicos prestados en réxime de monopolio, separados por tanto do ámbito da economía de libre mercado, a consideralos como servizos de interese xeral prestados en réxime de libre competencia.

No primeiro plantexamento, a administración prestaba directamente os servizos ou os encargaba a un ente privado baixo estrita tutela, que delimitaba as condicións técnicas e económicas en que debían prestarse.

No segundo escenario, que coincide coa percepción actual, considéranse servizos que poden ser prestados con maior eficacia en réxime de libre mercado e que a Administración debe intervir en primeiro lugar, para garantir o funcionamento do mercado, evitando situacións de abuso de posición de dominio por parte do antigo monopolista que impidan a apertura efectiva do mercado, e incluso para contrarrestar os problemas estruturais que se deriven e non poidan ser consecuentemente resoltos mediante medidas ex post. En segundo lugar estas medidas liberalizadoras se completan coa atribución aos poderes públicos da misión de corrixir os posibles fallos de mercado na satisfacción das necesidades dos usuarios. Para isto, a administración pode encomendar a determinados operadores unhas obrigas de interese xeral, concibindo un mecanismo de financiamento destas. Ademais, a intervención da administración debe aplicar o principio de proporcionalidade en virtude da cal as posibles restricións da competencia non poder exceder do necesario para garantir o cumprimento eficaz da misión de interese xeral.

Por outra banda, e simultaneamente, neste marco de economía de libre mercado, permítense así mesmo a iniciativa pública en pe de igualdade cos demais operadores privados, se ben cunha serie de cautelas dirixidas a salvagardar a libre competencia, de maneira que sexa cal sexa a forma adoptada non poidan

prevalerse da súa condición de administración pública nin do privilexio de recorrer ao financiamento público en condicións discriminatorias. Na lexislación liberalizadora das telecomunicacións recóllense expresamente algunhas destas cautelas.

Deste xeito, o delicado equilibrio entre o xogo do mercado e a intervención da administración para satisfacer necesidades cuxa realización considerase de interese xeral, concretase, consonte á Lei Xeral de Telecomunicacións (en adiante LXTel) nos seguintes cauces:

En primeiro termo, a Administración pode imponer obrigas aos operadores, de conformidade coa normativa específica de servizo público que se recolle no título III da citada lei. Deste xeito, a lexislación de telecomunicacións articula de formulas de colaboración público-privada e, en ocasións, incluso exclusivamente privada, para cubrir as necesidades sociais. Tal é o caso que a atribución da prestación do denominado servizo universal e de outros servizos públicos así como os seus medios de financiamento.

En segundo lugar, a administración poderá prestar os servizos de telecomunicación como calquera outro operador privado, pero deberá suxeitar as súas operacións a determinadas condicións co fin de non distorsionar a competencia no mercado (art. 84.4 LXTel). Unha das principais condicións é respectar o réxime xeral de axudas públicas.

Por último, en calquera dos anteriores supostos, a normativa sectorial de telecomunicacións esixe que a actuación da administración se dirixa ao cumprimento dos obxectivos establecidos na lei e a respectar e facer respectar os principios nela recollidos, entre os que se atopan (art. 3 LGT):

- Fomentar a competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións.
- Garantir o cumprimento das obrigas de servizo público.
- Promover o desenvolvemento do sector das telecomunicacións, así como a utilización de novos servizos e o despregue de redes, e o acceso a estes en condicións de igualdade, e impulsar a cohesión territorial, económica e social.
- Fomentar a neutralidade tecnolóxica na regulación.

Deste xeito, dado o interese público que xustifica a intervención da administración (art. 103 CE), esta haberá de tomar en consideración que a súa intervención non distorsione a competencia e fomente a neutralidade tecnolóxica e isto, tanto cando se trata de intervir como administración garante dos servizos de interese público, como cando a propia administración actúa como un operador máis de mercado.

Sen prexuízo de todo o anterior, e xusto recoñecer que o proceso de liberalización de determinado sectores tradicionalmente regulados, entre os que se atopan as telecomunicacións, ten precisamente a súa orixe no ordenamento xurídico comunitario e especialmente no desenvolvemento xurisprudencial e normativo do actual artigo 86 (anterior art. 90) do Tratado de Roma (en adiante TCE).

O dereito comunitario non prexulga o réxime de propiedade pública ou privada das entidades operantes no mercado (art. 295 TCE). Agora ben, en relación coas empresas públicas, establécese (art. 86.1TCE) a prohibición aos estados membros de adoptar ou manter respecto das empresas públicas e aquelas empresas as que concedan dereitos especiais ou exclusivos, medidas contrarias ás normas do tratado, especialmente as previstas nos art. 12 e 81 a 89, ambos inclusive: fundamentalmente, prácticas colusorias, abusos de posición de dominio e axudas públicas.

O apartado 2 do art. 86 TCE formula unha excepción a esta regra xeral, cando establece que as empresas encargadas da xestión de servizos de interese económico xeral ou que teña o carácter de monopolio fiscal quedarán sometidas ao disposto no Tratado, en especial, as normas sobre competencia na medida en que a súa aplicación non impida, de feito ou de dereito o cumprimento da misión específica a aquela confiada. O desenvolvemento dos intercambios non deberá quedar afectado de xeito que sexa contrario ao interese da comunidade.

Desta excepción deduciuse a conclusión de que a iniciativa pública na economía so pode limitar o dereito á liberdade de empresa e incumprir as regras que rexen a economía de libre mercado e, en definitiva, desvirtuar o mercado, cando o interese público que se trate de protexer así o esixa e a medida sexa idónea e proporcional ao resultado previsto. Así, con carácter xeral para calquera ámbito da vida

económica, a intervención da administración non debe alterar as condicións de competencia, excepto na medida necesaria para cumprir coa misión específica que se lle asignou, sempre gardando o principio de proporcionalidade.

Isto supón que cando a administración actúa como un operador mais no mercado, debe suxeitarse as mesmas regras que o resto de operadores, o que implica que non poderá entrar en acordos colusorios nin abusos de posición de dominio nin recibir axudas públicas que distorsionen a libre competencia. A súa vez, a administración, cando actúa como autoridade no ámbito das súas competencias, non poderá incorrer en financiamentos ilegais contrarias ao réxime de subvencións públicas nin en actuacións discriminatorias contrarias á competencia.

A partir destas previsións normativas sobre os denominados servizos de interese económico xeral, fóronse liberalizando os servizos de telecomunicacións nos países do noso entorno, por considerar non compatible co Tratado a reserva legal e a concesión de dereitos exclusivos en materia de telecomunicacións, podendo salvagardarse mellor os intereses xerais co modelo de previsión de servizos en libre competencia, corrixido coa articulación de mecanismos legais que aseguren aos cidadáns o servizo universal de telecomunicacións e outros servizos públicos.

Así pois, a lexislación interna de liberalización dos servizos de telecomunicacións participa dos mesmos principios que a comunitaria sobre competencia, servizos de interese económico xeral e axudas públicas, ata o punto de constituír un desenvolvemento específico desta.

No ámbito das Telecomunicacións estes principios alcanzan distinta concreción segundo se trate dunha iniciativa pública adoptada no marco das súas propias competencias como Administración Pública, ou dunha administración pública que compite no mercado como un operador mais.

2.2.—A INICIATIVA PÚBLICA ECONÓMICA PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS

O artigo 128 da Constitución Española recoñece a iniciativa pública na actividade económica. A iniciativa das Entidades Locais para o exercicio de actividades económicas, cando o sexa en réxime de libre concorrència, poderá recaer sobre calquera tipo de actividade que sexa de utilidade pública e se preste dentro do termo municipal e en beneficio dos seus habitantes (artigo 96 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril)

A iniciativa para o exercicio dunha actividade económica de mercado esixe un procedemento de asunción que acredite a conveniencia e oportunidade da iniciativa, e no que se aprobe inicial e, tras unha información pública, definitivamente a Memoria de municipalización da actividade, dende logo, en concorrència cos particulares como dispón o artigo 97 do TRRL: “1. Para o exercicio de actividades económicas polas Entidades Locais requírese: a) Acordo inicial da Corporación, previa designación dunha Comisión de estudio composta por membros da mesma e por persoal técnico. b) Redacción pola dita Comisión dunha memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica da que se trate, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola lei, e os casos en que debe cesar a prestación da actividade. Así mesmo, deberá achegarse un proxecto de prezos do servizo, para cuxa fixación terase en conta que é lícita a obtención de beneficios aplicable ás necesidades xerais da entidade local como ingreso do seu presuposto, sen prexuízo da constitución de fondos de reserva e amortizacións. c) Exposición pública da memoria despois de ser tomada en consideración pola Corporación, e polo prazo non inferior a trinta días naturais, durante os cales poderán formular observacións os particulares e entidades, e d) aprobación do proxecto polo Pleno da Entidade Local.

O concepto de municipalización que contén o artigo 45 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e que se asenta na necesidade da xestión directa, foi totalmente superado pola lexislación local postconstitucional. Esta, pola contra, admite (artigo 95 TRRL tanto a xestión directa como a indirecta na prestación dos servizos asumidos pola Corporación Local. Municipalizar significa, agora, simplemente, asumir un servizo ou actividade, sen prexulgar se vai ser xestionado pola propia administración ou por un xestor indirecto (concesionario, arrendatario, ...)

2.3.—A GARANTÍA DA SATISFACCIÓN DA NECESIDADE DE INTERESE XERAL.
COMPETENCIA DA ENTIDADE LOCAL

Aínda que a CE non dispón expresamente que a iniciativa pública deba ocupar un lugar subsidiario respecto á privada, en materia de telecomunicacións a lexislación de liberalización desenvolvida nos últimos anos sí se encargou de delimitar esta intervención, nos termos requiridos polo ordenamento xurídico europeo.

Así, sendo as telecomunicacións servizos de interese xeral que se prestan nun réxime de libre competencia, a intervención da Administración débese dirixir, tanto a garantir o adecuado funcionamento do mercado (establecer e facer cumprir as normas de entrada e actuación no mercado e as que garanten a interconexión e o acceso as redes) como a asegurar as correccións aos eventuais fallos de mercado cando este non sexa capaz de prover aos usuarios dos servizos que se consideraron fundamentais na sociedade.

Esa intervención debe seguir os camiños contemplados pola normativa sobre telecomunicacións para a prestación de servizos aos usuarios mediante a imposición a determinados operadores de obrigas de servizo público, as cautelas poden estar suxeitas a distintos mecanismos de financiamento.

Hai que destacar que, cando a actuación da Administración recae sobre as telecomunicacións, non se pode obviar que se trata dunha competencia exclusiva do Estado, consonte ao art. 149.1.21 da CE. Ademais, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, a competencia do Estado para actuar nesta materia é xeral: Comprende tanto a actividade normativa como a de execución (STC 244/1993, de 15 de xullo, F.X. 6). Así mesmo, a xurisprudencia do TC referiuse á radiocomunicación, e ás telecomunicacións en xeral, como un fenómeno de regulación unitaria (STC 244/1993, de 15 de xullo, STC 278/1993, de 23 de setembro e STC 127/1994, de 5 de maio).

Así situados no marco da organización do estado español recollido na propia CE, se ben a competencia en materia de “telecomunicación” corresponde ao estado é preciso recoñecer a protestade de intervención das administracións autonómicas e locais na medida en que concorran os títulos horizontais baseados en materias diferentes da principal “telecomunicacións”. Con respecto aos entes locais o recoñecemento competencial chegou pola vía xurisprudencial en sentenzas como a de 24/01/00: “la existencia de un reconocimiento de la competencia (telecomunicacións) en una materia como exclusiva de la administración del estado no comporta, por si mismas, la imposibilidad de que en la materia puedan existir competencias cuya titularidad corresponde a los entes locales... ni anule la exigencia constitucional de reconocer a cada ente local aquellas competencias deban considerarse necesarias para la protección de sus intereses”

Dende o punto de vista da normativa de réxime local o artigo 25.2 LRBRL que sinala as competencias dos municipios non fai mención a ningún tipo de competencia en materia de telecomunicacións. Non obstante a LRBRL no seu artigo 25.1, en contraposición co artigo 25.2, dispón un principio de competencia universal a favor dos municipios que consagra o principio de capacidade xeral dos concellos.

Polo tanto, o principio de autonomía local xustifica a potestade de intervención dos municipios en base as competencias que teña recoñecidas e non ao amparo do título competencial das telecomunicacións.

O artigo 21 LGTel dispón que as telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de libre competencia. En consecuencia a prestación de servizos de comunicacións electrónicas polas administracións públicas constitúen tal e como xa manifestou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) “unha actividade liberalizada e non un servizo de titularidade pública”. Un concello directamente ou a través dun terceiro, pode intervir no mercado das telecomunicacións como un axente económico mais, competindo co resto dos operadores na actividade de establecer e explotar redes ou prestar servizos de telecomunicacións.

Neste caso, a súa actividade estará sometida tanto a normativa sectorial das telecomunicacións como ao resto da normativa reguladora da libre competencia que poida ser de aplicación a estas actividades desenvolvidas polo concello.

Por isto, as corporacións locais, debido a súa condición de Administracións Públicas, están sometidas ao disposto no artigo 8.4 da LGTel, a cuxo teor, a prestación ou explotación no mercado de servizos ou redes de comunicacións electrónicas polas administracións públicas deberase axustar ao disposto na citada lei e as súas normas de desenvolvemento e realizarse coa debida separación de contas e con arranxo aos principios de NEUTRALIDADE, TRANSPARENCIA E NON DISCRIMINACIÓN, podendo, a CMT imporlles condicións especiais que garantan a non distorsión da libre competencia.

2.4.—FORMAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

En principio a forma idónea de realizar a actividade de telecomunicacións, tal como se está concibindo nesta memoria, é que o Concello de Pontevedra o preste directamente realizando os contratos que sexan necesarios, dado que non parece en principio conveniente a acudir a outras formas de xestión directa ou contratalo todo de modo integral (xestión e explotación de redes). O artigo 13 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (en adiante LCSP) fai referencia a algunha modalidade destes contratos cando establece que non son obxecto de harmonización aqueles “cuxo obxecto principal sexa permitir aos órganos de contratación a posta a disposición ou a explotación de redes públicas de telecomunicacións ou o subministro ao público de un ou máis servizos de telecomunicacións”. A fórmula a utilizar sería a seguinte. O Concello cando necesite instalar unha rede contratará a través dun contrato suxeito a LCSP a construción e instalación da rede e se pretende prestar un servizo de acceso electrónico terá que contratar eses servizos de conformidade coa normativa contractual. Non se prevé que o Concello realice as redes directamente ou preste os servizos directamente, sen prexuízo de que as circunstancias os requiran por razóns de economía ou de eficacia (é máis rápido e ten un menor custe) entón, se poida realizar directamente.

Tamén debe terse en conta que o Concello ten entes instrumentais en diversos sectores e nestes casos parece necesario que sexa este ente no seu eido competencial quen actúe como xestor e prestador de servizos de comunicacións electrónicas (por exemplo, se é en turismo que sexa a sociedade mercantil TURISMO DE PONTEVEDRA, SA, etc.).

3.—ASPECTOS FINANCEIROS

3.1.—FINANCIACIÓN DA ACTIVIDADE DE TELECOMUNICACIÓNS A DESENVOLVER POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. POSIBILIDADE DA GRATUIDADE PARA O USUARIO FINAL

Precisamente debido á especial posición que ostenta toda a Administración Pública, esta separación contable constitúe un medio adecuado para detectar a posible realización de prácticas que poidan distorsionar a libre competencia e que non estiveran xustificadas obxectivamente. Esta maior transparencia que implica a separación contable non so permite unha intervención ex post mais fácil polo acceso á información, senón que evita, a maioría das veces, que se produza a distorsión da competencia dificultando a súa ocultación.

Con carácter xeral, as administracións públicas, deberán formar as súas ofertas de prezos aos usuarios de servizos ou redes públicas de comunicacións electrónicas de conformidade coas regras que rexen os mercados en competencia, esixindo a cambio a correspondente remuneración.

4. Deberán figurar en lugar visible, enmarcados e coa debida claridade, as listas de prezos e o título habilitante para a instalación da terraza, no que se especifique o número de mesas autorizadas, debendo axuntarse plano de situación selado polo Concello.
5. O titular está obrigado ao cumprimento efectivo das ordenanzas municipais e, especialmente, da de protección contra a contaminación acústica.

CAPÍTULO II**PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DA LICENZA****ARTIGO 10.—RÉXIME XURÍDICO**

1. A licenza obxecto desta Ordenanza tramitarase de acordo co previsto na lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común.
2. Para a súa concesión requirirase en todo caso, un informe da Policía Local de Cambados, sen perxuízo dos informes técnicos e xurídicos necesarios para o outorgamento de licenza.

ARTIGO 11.—CAPACIDADE PARA SOLICITAR A LICENZA

Poderán solicitar a licenza os titulares das licenzas de apertura dos establecementos hostaleiros, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

ARTIGO 12.—REQUISITOS DA SOLICITUDE

1. As licenzas solicitaranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cambados
2. Ademais dos datos xerais de identificación do solicitante e do establecemento hostaleiro, acompañarase á solicitude a seguinte documentación:
 - a) Licenza de apertura e funcionamento de establecemento.
 - b) Autorización dos propietarios dos inmobles estremeiros, no caso de que a solicitude contemple unha terraza encostada á fachada do edificio e pretenda rebasar a porción desta ocupada polo establecemento
 - c) Autorización expresa da comunidade de propietarios, cando se trate da ocupación de espazos privados de uso público.
 - d) Memoria descritiva dos elementos de mobiliario que se pretenden instalar na terraza, debéndose cuantificar, en todo caso, o número de mesas e cadeiras.
 - e) Plano-croquis de situación acotado, que especifique a área da terraza, os elementos e mobiliario a instalar, e que se cuantifique a superficie de ocupación, onde figuren acoutadas as distancias respecto ó local propio e ao límite da beirarrúa ou calzada.
 - f) No seu caso, plano de instalacións eléctricas exteriores, indicando e especificando as proteccións necesarias.
 - g) No seu caso, autorización da comisión Técnica de Patrimonio Municipal.

3. Na solicitude deberase indicar o período de tempo para o cal se solicita licenza e a data de inicio da actividade.

ARTIGO 13.—COMPETENCIA PARA O OUTORGAMENTO DAS LICENZAS

Será competente para o outorgamento das licenzas a Xunta de Goberno Local por delegación do Alcalde/ Presidente do Ilmo. Concello de Cambados.

ARTIGO 14.—PRAZO DA RESOLUCIÓN

1. O Concello de Cambados resolverá as solicitudes no prazo dun mes dende a entrada da solicitude no rexistro xeral.
2. O silencio administrativo terá efectos desestimatorios.

ARTIGO 15.—VIXENCIA DA LICENZA

1. A licenza outorgarase por prazo máximo de un ano, e deberá solicitarse con anterioridade á súa instalación.
2. A licenza entenderase tácitamente prorrogada, por sucesivos períodos, cando nin o Concello de Cambados nin o interesado comuniquen por escrito, antes do seu vencemento, a vontade contraria á súa prórroga.
3. A modificación das condicións da licenza obriga necesariamente a un novo trámite de solicitude e, no seu caso, concesión.
4. O Concello resérvase o dereito a inspeccionar as instalacións obxecto de licenza co fin de verificar o cumprimento da presente ordenanza.

CAPÍTULO III**CONDICIÓN PARTICULARES DAS LICENZAS****ARTIGO 16.—LIMITACIÓNS DE EMPRAZAMENTO**

1. A ocupación da beirarrúa non poderá ser nunca superior aos 2/3 de largura libre da mesma, debéndose deixar libre para paso de peóns, polo menos, unha largura de 1,50 metros.
2. No caso de establecementos estremeiros, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, de acordo coa largura de fachada de cada establecemento afectado.
3. Se a terraza se sitúa encostada a fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo mínimo de 1,80 metros.
4. Permitirase a instalación de terrazas en bulevares e rúas peonís nas que existan establecementos situados en inmobles sempre que a zona peonil supere os tres metros de largura. A franxa de zona peonil ocupable non excederá do 50 % da súa largura, debéndose deixar, en todo caso, un espazo mínimo libre de 1,80 metros.
5. Non se autorizarán terrazas en beirarrúas cunha largura inferior de 1.80 metros.
6. Aos efectos de aplicación do disposto nesta Ordenanza, cada mesa con catro cadeiras equivalerá a dous metros cadrados.

ARTIGO 17.—HORARIO DE ACTIVIDADE NA TERRAZA

1. O horario de apertura e peche será o establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento, segundo o catálogo correspondente, sen prexuízo da potestade municipal de adaptación de horarios que, no seu caso, estableza a normativa autonómica.
2. O horario de peche implicará o cese efectivo de todas as actividades desenvoltas na terraza e, en consecuencia, os usuarios non poderán permanecer na terraza a partir de dito momento, polo cal o persoal do establecemento deberá obrigar o desaloxo efectivo da mesma.

ARTIGO 18.—ORDE DE LIMPEZA DIARIA

Os titulares de licenzas de terrazas teñen a obriga de retirar da vía pública ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como realizar os labores de limpeza necesarios no período para o que teñan concedida a correspondente licenza.

ARTIGO 19.—REMATE DO PERÍODO DE OCUPACIÓN

1. Rematado o período de instalación autorizado por licenza, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de superficie que viñese ocupando, retirando tódolos elementos que a ocupan ao día seguinte do remate do período de ocupación.
2. En caso de incumprimento do previsto no apartado anterior, serán retirados polo Concello mediante execución subsidiaria a costa do titular.

**CAPÍTULO IV
REXIME FICAL****ARTIGO 20.—TAXAS**

O titular da licenza deberá abonar as exaccións fiscais que correspondan e de conformidade coa Ordenanza fiscal correspondente.

**CAPÍTULO V
INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR****ARTIGO 21.—INSPECCIÓN**

O Alcalde e, no seu caso, o concelleiro en quen delegue, a través dos servizos municipais, serán competentes para controlar o estrito cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.

ARTIGO 22.—INFRACCIÓNS

O incumprimento das prescripcions establecidas na presente ordenanza será constitutivo dunha infracción administrativa, previa instrucción do correspondente expediente sancionador, dacordo co establecido na Lei 30/1992 do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e no regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de Agosto.

As infraccións das normas contidas nesta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

- a) A falta de ornato na terraza e o seu entorno.
- b) O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos lindeiros co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- c) Non deixar libre a beirarrua perante a noite, mentres non se desenvolve actividade.
- d) Calquera outra infracción que non sexa cualificada como grave ou moi grave.

2. Son faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada.
- c) A instalación dun maior número de mesas, cadeiras ou elementos auxiliares que os autorizados.
- d) Instalar elementos de mobiliario non autorizados pola licenza, así como a colocación na terraza de calquera outra clase de elementos, que non sexán mesas, cadeiras e elementos auxiliares a os mesmos, fóra do recinto do establecemento.

- e) A falta de aseo, hixiene ou limpeza nos elementos do establecemento, sempre que non constituía falta leve ou moi grave.
 - f) O deterioro grave dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos lindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
 - g) A non exhibición das autorizacións municipais preceptivas.
 - h) O incumprimento do réxime de distancias mínimas de paso de peóns (1,50m).
 - i) O incumprimento do horario de apertura ou peche da terraza.
3. Son faltas moi graves:
- a) A reiteración por tres veces na comisión de faltas leves.
 - b) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas graves.
 - c) A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades
 - d) A falta de aseo, hixiene e limpeza no persoal ou elementos do establecemento cando non constituían falta leve ou grave.
 - e) A venda de produtos non autorizados.
 - f) A instalación na terraza de aparellos de reprodución de son ou a realización sen autorización de espectáculos e actuacións musicais.
 - g) Non contar coa preceptiva licenza de instalación da terraza.

ARTIGO 23. – SANCIONS

1. As faltas leves sancionaranse con pena de multa de ata 750 euros.
2. As faltas graves sancionaranse con pena de multa de entre 751 e 1500 euros, podendo ser acordada a suspensión da licenza por período máximo de dous meses.
3. As faltas moi graves sancionaranse con pena de multa de entre 1501 e 3000 euros, podendo incluso ser revocada a licencia.

ARTIGO 24. – APLICACIÓN DAS SANCIÓNS

Na aplicación das sancións establecidas no artigo anterior, atenderanse ao grao de culpabilidade, beneficio obtido, entidade da falta cometida, perigosidade que implique infracción, incidencia ambiental, reincidencia ou reiteración e demais circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran.

ARTIGO 25. – PERSOAS RESPONSABLES

Aos efectos do réxime sancionador terán a consideración de persoas responsables as persoas físicas ou xurídicas titulares do establecemento vinculado á terraza.

**CAPÍTULO VI
DEFENSA DO CONSUMIDOR****ARTIGO 26. – DEFENSA DO CONSUMIDOR**

No que se refire ó servizo que prestan ditos establecementos ós cidadáns serán de aplicación en cuanto as infraccións e réxime sancionador a normativa reguladora das infraccións e sancións en materia de defensa dos dereitos do consumidor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a legislación xeral urbanística, de réxime local e autonómica.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As terrazas que se atopan instaladas no momento da entrada en vigor da presente ordenanza deberán adaptar a súa situación as condicións dispostas neste articulado no prazo máximo de 3 anos contados dende a data de publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, debendo presentar ó finalizar o devandito prazo nova solicitude de licenza xunto coa documentación establecida no artigo 12.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor conforme ao desposto no artigo 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local, e reixerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Cambados, a 12 de xuño de 2010.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2010012496

E D I C T O

Anuncio de aprobación definitiva da Modificación Puntual nº 8 das Normas Subsidiarias do Concello de Cambados.

Por Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, comunícase a Orde do 16 de setembro de 2010 sobre aprobación definitiva da modificación puntual Nº 8 as Normas Subsidiarias Municipais, do Concello de Cambados.= En cumprimento do disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, e en base ó punto nº 3 da citada Orde, publícase o texto correspondente á memoria do proxecto técnico redactado para tal fin:

PROXECTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL 8/09 DÁS NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS.**SITUACIÓN: CAMBADOS.—PROMOTOR: CONCELLO DE CAMBADOS***MEMORIA: 1.—ANTECEDENTES*

O Concello de Cambados aprobou as Normas Subsidiarias de Planeamento, en diante NN.SS.MM, ou día 20 de Xullo de 1994, e a modificación posterior aprobada con data 30 de decembro de 1999 do Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados (P.E.P.O.C.H.), no que se delimitaba o ámbito do Plan especial. Nelas detallaba a ordenación pormenorizada do que máis tarde se converteu non ámbito da RPTD-01. O Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico artístico, no seu articulado inicial, declara:"O ámbito deste Plan Especial de Protección queda incluído no ámbito dás Normas Subsidiarias Municipais, polo que ás súas determinacións quedan sometidas á Normativa Urbanística Xeral de todo o municipio e ás que fixese referencia expresa para este Plan Especial ". "O presente Plan Especial modifica a delimitación do seu propio ámbito, segundo ás especificacións dás propias Normas Subsidiarias (art. 2.3.3.4.) de xeito que a aprobación do presente documento suporá a aprobación da modificación das Normas Subsidiarias no tocante á delimitación do Ámbito do presente Plan Especial ".=O Plan Especial incorporou varias zonas do casco que, despois do seu estudo cría que eran merecedoras de protección patrimonial.=Unha vez aprobado o Plan Especial as modificacións realizadas ao seu ámbito non quedaron documentadas nas NNSSMM, polo que existe a necesidade de reflectir nelas as incorporacións de solo que realiza o citado Plan Especial.=A modificación puntual pretende documentar correctamente nas NNSS o realizado na aprobación do plan Especial ao incorporar ao seu ámbito as zonas sinaladas no plano P1.

2.—OBXECTO

O ámbito da presente Modificación das NN.SS.MM Plan Especial queda definido no plano que se acompaña número UN, no que se sinalan coas letras A ata a letra I, as áreas afectadas pola delimitación

modificada que realizou o Plan Especial na súa aprobación=O obxecto da presente modificación puntual é corrixir nos planos das NNSS o realizado polo precitado Plan Especial.

3.—*PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACION DA MODIFICACION PUNTUAL N° 8/09*

Tal como se estipula na lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004 e pola lei 6/2007 a partir deste momento LOUPMRG, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia cumpre axustarse ao artigo 93, parágrafo 4 que di:"A revisión do plan e as modificacións puntuais de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitáense ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do disposto no artigo 62 da presente lei ".=e tal como se di no articulo 94 parágrafo 1- modificacións dos plans:" Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos"=Ademais disto, como a presente MODIFICACION PUNTUAL non implica nin a reclasificación de solo, nin o incremento da intensidade de uso, nin altera os sistemas xerais previstos no plan vixente, non necesitará obter o informe previo de aprobación inicial ao que fai referencia o articulo 85.1 da LOUPMRG:."Rematada a fase de elaboración do plan, e inmediatamente antes da súa aprobación inicial, o expediente completo será remitido ao Conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que haberá de ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este prazo, poderá continuar a tramitación do plan"= Polo tanto, unha vez redactado o presente documento, iniciárase a tramitación da súa aprobación que deberá facerse do seguinte xeito: O concello procederá á súa aprobación inicial e seguidamente será sometido a trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior circulación na provincia, debendo publicarse o anuncio, no último caso en dous días consecutivos. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesaria a notificación do trámite de información pública aos propietarios dos terreos afectados.= Simultaneamente ao trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar ás Administracións competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinala outro prazo.= Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir un informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada.= Cumpridos os trámites sinalados nos apartados anteriores, o Pleno de Concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterano, co expediente completo, debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que deberá outorgar a aprobación definitiva.= A consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto do plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización de algún trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirase a reparación do a deficiencia observada, fixando un prazo para realizala. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva.= Unha vez completado o expediente de tramitación, o Conselleiro competente na materia deberá resolver motivadamente sobre a súa aprobación definitiva. = A MODIFICACION PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS entenderase aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o Plan conteña os documentos e as determinacións preceptivas.

4.—*COMPETENCIA PARA A REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL*

Coa competencia que a lei LOUPMRG lle outorga ao Concello de Cambados como organismo público, para a formulación e modificación dos instrumentos urbanísticos, tramítase esta Modificación Puntual 8/09 das Normas Subsidiarias Municipais, e para tal efecto encárgaselle a redacción de proxecto ao arquitecto Don Leopoldo Ivorra Sáenz-Díez.

5.—PLAN VIXENTE

A este Proxecto sonlle de aplicación as disposicións contidas nas Normas Subsidiarias de Plan do Concello de Cambados, aprobadas con data 20 de Xullo de 1994, e modificadas o 30 de decembro de 1999 co Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados. (PEPOCH).

6.—NECESIDADE E CONVENIENCIA DA FORMULACIÓN DA PRESENTE MODIFICACIÓN

O obxectivo básico deste documento é dar cobertura legal á modificación da delimitación realizada durante a aprobación do Plan Especial e urbanística aos parámetros da Normativa das NN.SS. Estas necesidades foron as que motivaron a conveniencia da presente MODIFICACIÓN PUNTUAL. Convén sinalar que non existe outra saída distinta desta que permita proceder a resolver esta problemática sendo esta condición suficiente para levar a cabo o presente documento.

7.—OBXECTIVOS E CRITERIOS QUE INFORMAN A PRESENTE MODIFICACIÓN

Como se vén sinalando dende o principio do documento, o obxectivo fundamental da presente Modificación Puntual é: O obxecto da presente modificación puntal é corrixir nos planos das NNSS o realizado polo precitado Plan Especial dando claridade e seguridade xurídica ao contido nas NNSS.

8.—ANÁLISE DA NECESIDADE DA PRESENTE MODIFICACIÓN PUNTUAL

Durante o trámite de aprobación do Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados xa se veu a conveniencia de reflectir os cambios na delimitación deste nas NNSS e así fíxoo saber a consellería de Ordenación do territorio no seu informe sobre este. É por iso necesario e convinte dar trámite ao alí sinalado e corrixir as disfuncións entre os dous documentos.

9.—ESIXENCIAS DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA PARA A MODIFICACIÓN DO PRESENTE PLAN

A LOUPMRG establece no seu artigo 94 as distintas condicións que terán que cumprir as Modificacións das NN.SS., así como as razóns nas que se terá que fundamentar. Para o caso concreto que nos ocupa imos xustificar neste apartado que a presente modificación puntual cumpre con estas condicións e requisitos, referidos aos parámetros concretos que nela varían. =O artigo 94.1 da LOUPMRG enumera algunhas das razóns que fundamentarán calquera modificación puntual de plan: - Mellora substancial da ordenación urbanística vixente.= Desconxestionamiento urbán.= Mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos.= Eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios.= Creación de novas dotacións urbanísticas públicas.= Resolución de problemas de circulación.= Outros fins públicos. =Dentro destes parámetros atopa a presente Modificación Puntual 8/09, xa que a corrección pretende dotar de claridade e seguridade ao contido das NNSS que é un ben en se mesmo.= Esta Modificación Puntual redáctase, a diferenza das NN.SS vixentes, baixo a lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 e pola lei 6/2007 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.= O artigo 94.3 "Cando a modificación tendese a incrementa-la intensidade do uso dunha zona, requirirase para aprobala a previsión das maiores dotacións públicas, de acordo cos estándares establecidos no apartado 2 do artigo 47, debendo situarse as novas dotacións no mesmo distrito ou sector, segundo se trate de solo urbano ou urbanizable".— Non é de aplicación.= Tampouco se modifica o parámetro estipulado no artigo 94.4 "Se a modificación dos plans urbanísticos afectase a terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres públicos, a súa aprobación requirirá o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que haberá de ser emitido no prazo de tres meses, a contar dende a entrada do expediente completo no Rexistro da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Transcorrido o citado prazo sen que se emita informe, entenderase emitido en sentido desfavorable" xa que non se afectan nin zonas verdes nin espazos libres públicos.

10.—XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN CONTEMPLADAS NA PRESENTE MODIFICACIÓN
PUNTUAL

É intención do Concello de Cambados dar resposta á modificación do ámbito do Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico que se xeraron coa súa aprobación co que o único que se modifica nas NNSS son os aspectos contraditorios co Plan Especial.

PLANOS: 0.—Plano Xeral Ámbito modificado.—= 1.—Plano Xeral do Ámbitos Modificados.—= 2.—Ámbito A.—= 3.—Ámbito B.—= 4.—Ámbito C.—= 5.—Ámbito D.—= 6.—Ámbito E.—= 7.—Ámbito F.—= 8.—Ámbito G.—= 9.—Ámbito H.—=10.—Ámbito I.

Cambados, a 10 de novembro de 2010.—O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2010012236

* * *

COTBADE

EDICTO

Intentada a notificación a Carmen Aguirre Lorenzo, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común publícase a seguinte notificación:

Resolución da Alcaldía do 21 de outubro de 2010.—Expediente: 30.09

Asunto: Orde de execución destinada a reposición de condicións de seguridade, salubridade e ornato de terreos e construcións.

ANTECEDENTES

1. Escrito presentado por D.^a Esmeralda Couñago Vázquez en data 24.11.2009 (nº R.E. 4652) polo que comunica ó concello que a limpeza da finca sita en Cobas nº 32, en estado de abandono e maleza, ordenada a través de resolución de xuño de 2008, a esta data non foi realizada.

2. Decreto da Alcaldía do 30/11/2009 que resolveu,

Primeiro.—Incoar novo expediente de ORDE DE EXECUCIÓN contra Jesús Galbán Seijo e D.^a Carmen Aguirre Lorenzo, e ordenar a limpeza da finca da súa propiedade, en Cobas nº 30, lindante coa propiedade de D.^a Esmeralda Couñago, que segue chea de mato a pesar dos expedientes de orde de execución tramitados no ano 2008, no prazo improrrogable de 15 días, en cumprimento do disposto tanto na Lei 9/2002, deber de conservación en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, como na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no Decreto 105/2006 de medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Segundo.—Advírtese a D. Jesús Galbán Seijo e D. Carmen Aguirre Lorenzo (herdeiros de Josefa Alsira Lorenzo) que, de acordo co previsto no artigo 199.4 da Lei 9/2002 de incumprirse a presente orde o concello imporá multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata logra-la execución das tarefas ordenadas.

Terceiro.—Concédesse os propietarios trámite de vista e audiencia no mesmo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó de recepción da presente notificación, para examinar o expediente, formular cantas alegacións e presentar a documentación que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.”

3. Denuncia do Posto da Garda Civil (R/3301 do 7/10/2010), na que se pon de manifesto a existencia dun incendio forestal na zona responsabilizando a D.^a Carmen Aguirre Lorenzo dos

feitos denunciados por non manter a súa parcela nas condicións esixidas pola normativa de prevención de incendios forestais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Visto o artigo 199.4 da LOUGA 9/2002, do 30 de decembro que determina que no caso de incumprimento da orde de execución facultarase ao alcalde ou a consellería, se é o caso, para executar subsidiariamente as obras con cargo ós obrigados e para a imposición de multas coercitivas, ata un máximo de dez sucesivas, con periodicidade mínima mensual, e por importe cada unha de 300 a 6.000 euros e a denunciar ademais os feitos á xurisdición penal cando o incumprimento puidese ser constitutivo de delito ou falta,

RESOLVO:

1. Reiterar novamente o requirimento a Jesús Galbán Seijo e D^a Carmen Aguirre Lorenzo para que procedan á limpeza e xestión da biomasa vexetal na finca da súa propiedade sita en Cobas nº 30, nos termos da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no Decreto 105/2006 de medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Cotobade.
2. Impoñer unha multa coercitiva por importe de 600 € a satisfacer con carácter solidario por parte de Jesús Galbán Seijo e D^a Carmen Aguirre Lorenzo.
3. Advertir aos interesados de que, no caso de non atender ao presente requirimento dentro do prazo de quince días desde a notificación da presente Resolución darase traslado do expediente á Ilustrísima Fiscalía dependente da Audiencia Provincial de Pontevedra por se os feitos denunciados poidesen ser constitutivos de delito ou falta penal.

Cotobade, a 15 de novembro de 2010. — O alcalde, Manoel Loureiro Adán.

2010012440

E D I C T O

Intentada a notificación a Amador Rubín Posada, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común publícase a seguinte notificación:

Resolución de alcaldía de data 19 de outubro de 2010.

Vista a denuncia presentada pola Comandancia de Pontevedra da Garda Civil, remitida a este Concello pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, en data 02 de Xullo de 2010, pola que se da parte do abandono de vehículo que máis abaixo se identifica, que figura a nome de Amador Rubín Posada, titular do NIF 76992520, con domicilio no Camiño da Igrexa 4, Campo lameiro, Pontevedra.

Visto que queda constatado que o vehículo da súa titularidade, Citroën ZX, con matrícula PO9020AS, encontrábase abandonado na vía pública, na Parroquia de Tenorio, no punto quilométrico 85,5 da N-541, lugar de Calvelo, levando máis de dous meses no mesmo lugar coas rodas desinchadas e con maleza no capó e porta dianteiros.

Transcorrendo máis dun mes desde que se detectou dito vehículo na situación indicada, de conformidade co establecido no artigo 71.1 do Texto Articulado da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por real Decreto Lexislativo 339/90 de 2 de Marzo.

Atopándose dende hai tempo o vehículo matrícula PO9020AS, marca Citroën, modelo ZX, de cor Negra, encontrábase abandonado na vía pública, na Parroquia de Tenorio, no punto quilométrico 85,5 da N-541, levando máis de dous meses no mesmo lugar coas rodas desinchadas e con maleza no capó e porta dianteiros., e tendo en conta: o tempo transcorrido sen que se alterara o aparcamento, o estado de falta de conservación e os sinais aparentes de abandono.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro. — REQUÍRESELLE, para que no improrrogable prazo de 15 días, proceda a súa retirada do citado vehículo ou a súa entrega nun centro autorizado de tratamento ou instalación de recepción regulado no Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ó final da súa vida útil, advertíndolle que pasado o citado prazo sen dar cumprimento ó requirido, esta Administración adoptará contra vostede as medidas sancionadoras previstas nos artigos da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e 34 da Lei 10/1998 do 21 de abril, de Residuos que prevén sancións entre 600 e 30.000 € para supostos de infracción grave e procedéndose ademais á retirada polo guindastre do vehículo citado, dándolle o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente (art. 71 da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, na redacción dada pola Lei 11/1999 do 21 de abril) coa advertencia de que se lle liquidarán as taxas que se teñan devengadas polo transporte e depósito do vehículo.

Durante o citado prazo de quince días poderá formula-las alegacións que estime pertinentes.

Segundo. — NOTIFÍQUESE a presente Resolución ó interesado como acto de trámite.

Cotobade, a 15 de novembro de 2010.— O alcalde, Manoel Loureiro Adán.

2010012443

* * *

FORCAREI

A N U N C I O

Aprobación definitiva da RPT do concello de Forcarei

O Pleno do Concello de Forcarei, na sesión celebrado o día 30 de setembro do 2010 acordou:

1º.— Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo, seguinte:

CONCELLO DE FORCAREI

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO - 2010

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PLAZAS	REL.LAB.	ESCALA	SUBESC.	CLASE	GRUPO	ESPECIALID.	SING.	PROVISIÓN	REQUISITOS	MÉRITOS	MOVILIDAD	C.EUROPEA	JORNADA	HORARIO	DEDIC.	PTO-TIPO ASIM.	NIVEL	ESPEC.
SERVICIOS GENERALES																				
1	SECRETARIO INTERVENTOR	1	F.H.E.	H.E.	SEC-INT	—	A1	Las propias de la subescala H.E.	Sí	C.H.E.	Habilitado Estatal. Ofimática avanzada	Dirección y Gerencia Pública.	Sí	No	Continua diurna	L-V: 08:00 - 15:00	Preferente esporádica	Secretario-Interventor	28	1650
Dar fe pública y prestar asesoramiento legal preceptivo Controlar y fiscalizar la gestión económico-financiera y presupuestaria																				
3	TÉCNICO INTERVENCIÓN	1	F	A.G.	GESTIÓN	—	A2/C1	Las propias de la subescala A.G.	Sí	C.G.	Ofimática avanzada. Gestión de Nóminas. Gestión asimilado presupuestaria	Licenciado en Económicas o asimilado	No	Sí	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Normal	T.G.M.	23	900
Realizar tareas propias de Intervención, principalmente en cuanto a Contabilidad y Tesorería																				
2	AD. ALCALDÍA - SECRETARÍA	1	F	A.G.	ADMVA.	—	C1	Las propias de la subescala A.G.	Sí	C.E.	Ofimática avanzada. Nociones Relaciones Laborales y Personal. Catastro	Diplomatura en Ciencias empresariales o asimilado. Máster RRHH.	No	Sí	Flexible	L-V: 08:00 - 15:00 1 sábado de cada 5	Preferente habitual	Advmo.	22	925
Coordinar los trabajos de las Oficinas Generales del Ayuntamiento Realizar tareas administrativas en Secretaría y Alcaldía																				
4	AD. OFICINAS GENERALES	1	F	A.G.	ADMVA.	-	C1	Las propias de la subescala A.G.	No	C.G.	Ofimática avanzada. Nociones de Urbanismo	Diplomatura en Ciencias empresariales o asimilado.	No	Sí	Continua diurna (especial)	L-V: 08:00- 15:00 1 sábado de cada 5	Normal	Admvo.	20	650
Realizar tareas administrativas en las Oficinas Generales																				
6	AUX. ADMVO. PERSONAL	1	F	A.G.	AUX.	-	C2/C1	Las propias de la subescala A.G.	No	C.G.	Ofimática avanzada	Bachiller.	Sí	Sí	Continua diurna (especial)	L-V: 08:00- 15:00 1 sábado de cada 5	Normal	Aux. Advmo.	18	525

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO - 2010

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PLAZAS	REL.LAB.	ESCALA	SUBESC.	CLASE	GRUPO	ESPECIALID.	SING.	PROVISION	REQUISITOS	MÉRITOS	MOVILIDAD	C.EUROPEA	JORNADA	HORARIO	DEDIC.	PTO-TIPO ASIM.	NIVEL	ESPEC.
Realizar tareas de información y apoyo administrativo en las Oficinas Generales, principalmente en lo referido a Gestión de Tributos, Nóminas y Catastro																				
5	AUX. AD. TASAS	1	F	A.G.	AUX.	-	C2	Las propias de la subescala A.G.	No	C.G.	Ofimática avanzada	Bachiller.	Sí	Sí	Continua diurna (especial)	L-V: 08:00-15:00 1 sábado de cada 5	Normal	Aux. Advmo.	17	450
Realizar tareas de información y apoyo administrativo en las Oficinas Generales, principalmente en lo referido al Padrón de Vehículos																				
7	AUX. ADMVO. PADRÓN	1	F	A.G.	AUX.	-	C2	Las propias de la subescala A.G.	No	C.G.	Ofimática avanzada	Bachiller.	Sí	Sí	Continua diurna (especial)	L-V: 08:00-15:00 1 sábado de cada 5	Normal	Aux. Advmo.	17	450
Realizar tareas de información y apoyo administrativo en las Oficinas Generales, principalmente en lo referido al Registro y el Padrón de Habitantes																				
8	AUX. ADMVO. SECRETARÍA	1	F	A.G.	AUX.	-	C2	Las propias de la subescala A.G.	No	C.G.	Ofimática avanzada	Bachiller.	Sí	Sí	Continua diurna (especial)	L-V: 08:00-15:00 1 sábado de cada 5	Normal	Aux. Advmo.	17	450
Realizar tareas de información y apoyo administrativo en las Oficinas Generales y en Intervención																				
SEGURIDAD CIUDADANA																				
9	RESPONSABLE POLICÍA LOCAL	1	F	A.E.	S.E.	POL.	C1	Las propias de la clase POL.	No	C.G.	Academia Policía. Carnet BTP. Ofimática básica	—	Sí	No	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Preferente esporádica	Agente Policía	20	800
Velar por la seguridad ciudadana y controlar el tráfico																				
10	ENCARGADO PROTECCIÓN CIVIL	1	F/L	A.E.	S.E.	C.E.	C2/C1	Graduado en ESO	Sí	C.G.	Curso especializado protección civil o Carnet de Conducir C.	Bachiller. Máster Protección Civil o asimilado	Sí	Sí	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Preferente esporádica.	Encargado	17	575
Coordinar y organizar las actuaciones de la Protección Civil, en el municipio																				
OBRAS Y SERVICIOS																				
11	ENCARGADO OBRAS Y SERVICIOS	1	L/F	—	—	—	C2/C1	FP Grado Medio Edificación y Obra Civil	No	C.G.	Carnet de Conducir C.	FP Grado Superior Edificación y Obra Civil	No	Sí	Flexible	L-V: 08:00-15:00	Preferente habitual	Encargado	18	875
Responsabilizarse y supervisar los trabajos realizados por la brigada de obras y servicios																				
12	OFICIAL FONTANERO	1	L/F	—	—	—	C2/C1	FP Grado Medio Edificación y Obra Civil	No	C.G.	Carnet de Conducir C.	FP Grado Superior Edificación y Obra Civil	Sí	Sí	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Preferente esporádica	Oficial Oficinos	16	625
Realizar tareas de mantenimiento y reparación en materia de fontanería y calefacción																				
13	OFICIAL OBRAS OBRAS	1	L/F	—	—	—	C2/E	FP Grado Medio Edificación y Obra Civil	No	C.G.	Carnet de Conducir B.	FP Grado Superior Edificación y Obra Civil	Sí	Sí	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Normal	Oficial Oficinos	14	525
Realizar diferentes trabajos de albañilería en vía pública y edificios públicos																				
20	OFICIAL OBRAS PUNTO LIMPIO	1	L/F	—	—	—	C2/E	FP Grado Medio Edificación y Obra Civil	No	C.G.	Carnet de Conducir B.	FP Grado Superior Edificación y Obra Civil	Sí	Sí	Especial	L-V: 08:00-15:00 S: 10:00-13:00 / 16:30-19:30	Normal	Oficial Oficinos	14	525
Realizar diferentes trabajos de albañilería en vía pública y edificios públicos																				
15	CONDUCTOR R.S.U.	1	L/F	—	—	—	C2/E	FP Grado Medio	No	C.G.	Carnet de Conducir C.	—	Sí	Sí	Asimilada a flexible	L-V: 07:00-15:00 Fin de los trabajos V: 15:00 - Fin de los trabajos	Normal	Oficial Oficinos	14	500
Conducir el camión de recogida de residuos sólidos urbanos por el municipio																				
21	CONDUCTOR-DESBROZADORA	1	L/F	—	—	—	C2/E	FP Grado Medio	Sí	C.G.	Carnet de Conducir C	—	Sí	Sí	Continua diurna	L-V: 08:00-15:00	Normal	Oficial Oficinos	14	450
Conducir el tractor desbrozadora y la pala excavadora																				
14	OPERARIO R.S.U	1	L/F	—	—	—	E	Certificado de escolaridad	No	C.G.	Carnet de Conducir B	—	Sí	Sí	Asimilada a flexible	L-V: 07:00-15:00 Fin de los trabajos V: 15:00 - Fin de los trabajos	Normal	Operario	11	525
Realizar tareas de recogida de residuos sólidos urbanos en el municipio																				
CULTURA																				
22	TÉCNICO DE CULTURA	1	L/F	—	—	—	A2	Diplomado Rama Humanidades	No	C.G.	Ofimática básica Carnet de Conducir B	Licenciatura No rama humanidades Ofimática avanzada	No	Sí	Flexible	Según las necesidades del servicio	Normal	T.G.M.	20	700

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO - 2010

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PLAZAS	REL.LAB.	ESCALA	SUBESC.	CLASE	GRUPO	ESPECIALID.	SING.	PROVISION	REQUISITOS	MÉRITOS	MOVILIDAD	C.EUROPEA	JORNADA	HORARIO	DEDIC.	PTO-TIPO ASIM.	NIVEL	ESPEC.
Diseñar, dirigir, coordinar y desarrollar actividades de dinamización y promoción de eventos culturales en el municipio																				
16	ENCARGADO BIBLIOTECA	1	L/F	—	—	—	C1/C2	Bachiller o asimilado.	No	C.G.	Ofimática básica	Diplomatura Sí Biblioteconomía y documentación	Sí	Sí	Partida	L-V: 10:00 13:30 / 16:30 20:00	Preferente esporádica	Técnico Auxiliar	15	475
Responsabilizarse del correcto funcionamiento de la Biblioteca municipal																				
Encargarse de la apertura y cierre de las instalaciones del gimnasio																				
SERVICIOS SOCIALES																				
17	TRABAJADOR SOCIAL	1	L/F	—	—	—	A2	Diplomatura en Trabajo Social o asimilado	No	C.G.	Ofimática básica Gestión de los Servicios Sociales	Ofimática avanzada	Sí	Sí	Asimilado a flexible	L-V: 08:00 15:00 + Eventos, actividades programadas y necesidades del servicio	Normal	T.G.M.	22	900
Informar, orientar y asesorar a los ciudadanos en materia de Servicios Sociales, así como programar y ejecutar los diferentes programas de Servicios Sociales																				
COLEGIOS																				
18	CONSERJE LIMPIADOR	1	L/F	—	—	—	E	Certificado de escolaridad	No	C.G.	—	Graduado ESO Nociones de albañilería	Sí	Sí	Partida	A determinar	Normal	Subalterno	11	375
Realizar tareas de limpieza, vigilancia, mantenimiento básico y apoyo administrativo en las instalaciones asignadas																				
19	CONSERJE	1	L/F	—	—	—	E	Certificado de escolaridad	No	C.G.	—	Graduado ESO Nociones de albañilería	Sí	Sí	Continua diaria	L-V: 08:00 15:00	Normal	Subalterno	11	250
Realizar tareas de vigilancia, mantenimiento básico y apoyo administrativo en las instalaciones asignadas																				

LEYENDA DE CÓDIGOS:

Código: Indicador numérico único e irrepetible que identifica al puesto.

Denominación: Nombre libremente otorgado al puesto de trabajo, es conveniente que no se confunda con la plaza

Plazas: número de "plazas" o recursos humanos de naturaleza permanente asignados al puesto en esta organización.

Rel. Lab. : Relación laboral o régimen jurídico propuesto para la plaza o recurso humano asignado a este puesto, normalmente funcionario, laboral o eventual

Escala: Clasificación escalar de la plaza según sus características y el régimen legal vigente

Subesc.: Subescala asignable a la plaza dentro de la escala ya indicada.

Clase: Clase o categoría asignable a la plaza dentro de la subescala ya indicada.

Grupo: Grupo asignable a la plaza, en función de los contenidos a desarrollar en el puesto y coherente con la catalogación de dicha plaza.

Especialidad: Especialidad académica concreta de titulación si es procedente en función de los contenidos del puesto, Ejemplo Arquitecto superior.

Sing.: Singularización del puesto, normalmente en función de sus peculiaridades de especialización que conducen a la lógica inamovilidad de su titular en dicho puesto.

Provisión: Sistema recomendado de dotación de recursos al puesto, normalmente vía concurso o libre designación.

Requisitos: Condiciones mínimas, adicionales a la titulación, para poder acceder a dicho puesto, normalmente habilidades y competencias complementarias a los conocimientos académicos.

Méritos: Otras habilidades y competencias útiles en el desarrollo de las funciones del puesto, pero no indispensables para su correcto desempeño. Sólo valorables a efectos de provisión del puesto.

Movilidad: Posibilidad de cubrir el puesto a través de la movilidad interadministrativa. Concursos abiertos a empleados de otras administraciones públicas. Dato recomendable, pero no preceptivo en la RPT

C.Europea: Posibilidad de cubrir la plaza y/o puesto con ciudadanos de otros estados miembros de la Unión Europea. Ver legislación al respecto. Dato recomendable, pero no preceptivo en la RPT

Jornada: Características cualitativas de la jornada a desarrollar en el puesto, normalmente: continua, partida, a turnos, etc.

Horario: Detalle de los horarios desarrollados en el tipo de jornada indicada, este dato no es preceptivo en la RPT

Dedic.: Régimen de dedicación del titular del puesto en función de las necesidades deducibles de sus tareas y responsabilidades particulares del dicho puesto.

Pto.Tipo Asim: Puesto tipo o categoría asignada al puesto, suele coincidir con las ya conocidas para la Administración o con las distintas subescalas o convenios laborales. Dato no preceptivo en la RPT

Nivel: Nivel del Complemento de Destino asignado al puesto en función de su proceso de valoración.

Especif.: Asignación de puntos para la determinación del Complemento Específico al puesto, tras su proceso de valoración. Dato a transformar en Euros a través de indicar su valor unitario Euros/punto.

2º.—Establecer un valor euro/punto do complemento específico na contía de 13,60 €, acordado na mesa de negociación.

Forcarei, a 24 de novembro do 2010.—O Alcalde, David Raposeiras Correa.

2010012675

* * *

A ESTRADA

E D I C T O

Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de novembro de 2010 aprobouse o padrón do 2º semestre do ano 2010 da Taxa por instalación de postos de venda na Praza da Feira e o padrón do 2o semestre do ano 2010 da Taxa por instalación de postos de venda na Praza do Mercado, e conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, queda exposto ó público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as liquidacións provisionais consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente edicto, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza das taxas indicadas, para o Concello da Estrada, será do día 16 de novembro de 2010 ó 17 de xaneiro de 2011. ámbolos dous inclusive.

Lugar de ingreso: En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin: CAIXANOVA, CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA "LA CAIXA", BANCO CAIXA GERAL, BANCO PASTOR, GRUPO BANCO POPULAR, BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, BANCO GALLEGO, BANESTO e BANCO SANTANDER.

A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento de cobramento non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei Xeral Tributaria). Os contribuíntes que non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais de recadación.

Advírtese ós contribuíntes que poden facer uso da domiciliación bancaria para o pagamento segundo o disposto no artigo 38 do Regulamento xeral de recadación.

Recibos domiciliados: os recibos domiciliados serán cargados na conta bancaria de cada contribuínte o día 3 de decembro de 2010.

Días de ingreso: días hábiles, no horario de caixa establecido polas entidades colaboradoras referidas para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, o devengo da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixan nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

A Estrada, a 19 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Antonio Dono Lopez.

2010012653

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

O Pleno da Corporación deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2010, aprobou a RECTIFICACIÓN PUNTUAL DE ERRO MATERIAL DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS EN RELACIÓN AO GRAFIADO DO CAMIÑO DO CEMENTERIO DE SAN CIPRIÁN, EN CABALEIROS-BORREIROS do xeito que de seguido se relaciona na ficha proposta polo Arquitecto Técnico Municipal:

FICHA DO INVENTARIO

EPÍGRAFE 1.º BENS INMOBLES
GRUPO C – VÍAS PÚBLICAS

N.º Orde Inventario 412
N.º Orde de Grupo: 0000000117

DATOS DA PROPIEDAD

Nome: CAMIÑO DO CEMENTERIO DE SAN CIPRIÁN

Zona: BO SAN CIPRIAN PQ
DONAS

Carácter de dominio: Público

Procedencia: Outro

Clase de documento:

Data do documento:

ORDEN	TRAMO	ITINERARIO	
1	A-B Comeza en: Pasa por: Termina en: Fincas. Calzada: Ancho: 3,25 Cuneta: sin perfilar Acera: Ancho: 0,00 Bordillo:	CR BORREIROS-TOMIÑO Lonxitude: 315,00 Estado: Bo Lonxitude: 0,00 Estado:	Firme. Aglomerado Valor: 11.524,31 Solado: Valor: 0,00
2	C-D Comeza en: TRAMO A-B Pasa por: Termina en: D-E Calzada: Ancho: 3,50 Cuneta: sin perfilar Acera: Ancho: 0,00 Bordillo:	Lonxitude: 70,00 Estado: Bo Lonxitude: 0,00 Estado:	Firme. Formigón Valor: 2.836,00 Solado: Valor: 0,00
3	D-E Comeza en: TRAMO A-B Y TRAMO B-C Pasa por: Termina en: Estrada Sabaris-Tomiño Calzada: Ancho: 2,85 Cuneta: sin perfilar Acera: Ancho: 0,00 Bordillo:	Lonxitude: 502,00 Estado: Regular Lonxitude: 0,00 Estado:	Firme. Terra e Asfalto Valor: 2.579,60 Solado: Valor: 0,00

OUTROS DATOS

Dato de contabilidade:

Observacións: *PLANO* 11-2 10-2 y 10-1. A ESTE VIAL LE CORRESPONDEN LAS SIGUIENTES CESIONES: *EPIG*: 1ª *Nº GRUPO*: 344 *Nº INVENTARIO*: 1748
Nº GRUPO: 345 *Nº INVENTARIO*: 1749.

VALORACIÓN

VALOR DA VÍA PÚBLICA: 16.939,91

No mesmo acordo ordéase a publicación do correspondente anuncio de exposición ao público do expediente no B.O.P, nun diario de ámbito provincial e no Taboleiro de anuncios do concello durante o prazo dun mes para xeral coñecemento de cantos se consideren interesados e para poder formular reclamacións e observacións contra o mesmo e así poder depurar axeitadamente os datos contidos no inventario.

Gondomar, a 4 de agosto de 2010.—O Alcalde-Presidente, Martín V. Urgal Alonso.

2010008945

* * *

O GROVE

RECADACIÓN MULTAS

E D I C T O

ACTO QUE SE NOTIFICA:

Resolución de alegacións con proposta de sanción.

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación da resolución de alegacións con proposta de sanción ditada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de protección do medio ambiente, de limpeza pública e de recollida de lixo polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de inténtala no derradeiro enderezo coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

DA SILVA MONTAOS, NEMESIO e 1 máis

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á publicación:

1.—Mediante ingreso na conta 2080-0037-00-0040014688 de Caixanova, indicando número de expediente, nome e enderezo do infractor e polo importe total da notificación.

2.—Mediante xiro postal dirixido á Oficina de Recadación de Multas do Concello, sita en Rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, facendo constar nº de expediente, nome e domicilio do infractor.

3.—Persoalmente nas Oficinas de Recadación de Multas do Concello, sita na rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, que permanece aberta ao público de luns a xoves de 9 a 14 h. e de 16 a 18 h. e o vernes de 9 a 14 h.

MEDIOS DE IMPUGNACIÓN

Contra a precedente proposta de sanción, poderá vostede alegar o que estime pertinente e presentar os documentos que teña por oportunos durante o prazo máximo de 15 días hábiles a partires do seguinte ao da notificación desta resolución.

D) OBRIGACIÓN DE REPONER

(*ART. 72 DA LEI 10/2008, DE 3 DE NOVIEMBRE DE RESIDUOS DE GALICIA*)

Sen perxuízo da sanción penal ou administrativa que se impuxera, quenes infrinxan a presente lei terán a obriga de reponer ou restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na

forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

Quenes sexan responsables das infraccións en materia de medio ambiente deberán indemnizar polos danos e prexuízos causados.

Relación de suxeitos a que se refire este edicto

DENUNCIADO/A	NIF/ CIF	N.º EXP.	IMPORTE	ARTIGO
DA SILVA MONTAOS, NEMESIO	76867202	SA00106	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
JULIÁN MARÍN MONTOYA	10058017	SA00128	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

O Grove, a 9 de xullo de 2010. —O Alcalde, ilexible.

2010008881

* * *

MARÍN

EDICTO

De acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procédese a notificar ás seguintes persoas, mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Marín a seguinte:

Resolución da alcaldía

Comprobado que na oficina de Empadramento Municipal, as persoas que de seguido se relacionan, non procederon á renovación da súa inscrición no Padrón Municipal de Habitantes, que realizarase cada dous anos e, en virtude do disposto no artigo 03/01 da Lei Orgánica 14/2003 de 20 de novembro e dado que o prazo para proceder a dita renovación, finalizaba nas datas que se sinalan, esta Alcaldía de conformidade co disposto na Resolución de 28/04/2005, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Local:

Procede

Declarar a caducidade das inscricións no Padrón Municipal de Habitantes das seguintes persoas:

Nome	Data caducidade do empadramento
Abdallah Chariji	18/01/2010
Arnaldo José Moraes da Silva	04/01/2010
Sandra Verence Villalba Andino	10/01/2010
Daniel Ceneviva Nigro	10/01/2010
Said Lemhrigue	12/02/2010
Godfred Sakyi Yorson	13/02/2010
María Cecilia Lim Camarero	12/02/2010
John Offei Dodoo	21/02/2010
John Brown	31/01/2010
Mohamed Aitabderrahmane	19/02/2010
Elizabeth Ramírez Cardona	12/02/2010
Kennedy Amoako	31/01/2010

Marín, a 28 de xullo de 2010. —O Alcalde-Presidente, ilexible.

2010008687

* * *

MONDARIZ BALNEARIO

A N U N C I O

Intentada a notificación a DECON GALICIA,S.L sen haberse podido practicar, de acordo co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por medio do presente anuncio notificase a seguinte resolución da Alcaldía:

“Visto que con data 19 de agosto 2010, iniciouse procedemento de orde de execución para retirada de grúa localizada na Rúa Arrocha nº 7, en Mondariz Balneario.

Visto que con data 24 de agosto de 2010, foi emitido informe de comprobación polos Servizos Técnicos competentes.

Visto que se lle notificou legalmente ós afectados a proposta de orde de execución para efectos de presentación de alegacións, sen que se presentase ningunha.

Examinada a documentación que figura no expediente, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 199 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no artigo 21.1.s) da Lei 7/19875, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía adopta a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro.—Ordenar a execución no inmovible propiedade de DECON GALICIA,S.L. sito na rúa Arrocha nº 7, desta localidade, das seguintes actuacións necesarias para conservar o inmovible en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e calidade ambiental, cultural e turística:

1. DESMONTAXE DA GRÚA TORRE INSTALADA NA PARCELA

A adopción desta orde de execución xustifícase nos seguintes motivos:

1. A grúa supón un perigo para terceiras persoas, ante a posibilidade de derrube existente polo estado de abandono e ausencia de mantemento que presenta, descoñecendo a estabilidade e fixación da base. Constátase ademais un estado de esgotamento estrutural da torre e da base que fan temer un volco da anterior como consecuencia do desequilibrio de forzas.
2. Carecer de autorización de instalación e posta en servizo da grúa emitida pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia segundo o indicado no artigo 5 do Real Decreto 836/2003, de 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución Técnica Complementaria “MIE-ARM-2” del Regulamento de aparatos de elevación e manutención, referente a grúas torre para obras e outras aplicacións. Así como os mantementos e revisións esixibles que constaten o bo funcionamento da grúa.

Segundo.—O prazo para a retirada da grúa será de quince días naturais.

Terceiro.—Notificar esta orde de execución ao propietario interesado, advertíndolle de que, en caso de incumprimento inxustificable da orde de execución, a Administración actuante poderá adoptar calquera medidas de execución forzosa.”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da súa notificación. Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente mediante recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da notificación deste acto. O recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso deste prazo sen que sexa notificada resolución expresa. Resolto o recurso de reposición

pode interpoñerse o contencioso administrativo, ante o xulgado desta orde xurisdiccional da cidade de Pontevedra, no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose. Non obstante poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Mondariz Balneario, a 22 de novembro de 2010.—O alcalde, José Antonio Lorenzo Rodríguez.

2010012692

* * *

MOS

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Mos en sesión de data 28.10.2010 adoptou o seguinte:

ACORDO

Primeiro.—A determinación do seguinte cargo en réxime de dedicación exclusiva:

- Concellería Delegada da Área de Persoal, Participación Cidadá e Educación e Cultura cunha retribución bruta anual de 29.400 euros.

Segundo.—Anular os seguintes cargos en réxime de dedicación parcial:

- Concellería Delegada da Área Urbanismo e Cultura, cunha retribución bruta anual de 15.967,64 euros.
- Concellería Delegada da Área de Persoal, Participación Cidadá e Educación e Seguridade cunha retribución bruta anual de 15.967,64 euros.

Terceiro.—En todos os casos procederase a súa alta na Seguridade Social desde o día seguinte da aprobación do presente acordo polo Pleno do Concello de Mos.

Cuarto.—Establécese un réxime de dedicación horaria coincidente, en canto ao número total de horas e cando menos, co horario de oficina municipal, se ben distribuíndose de acordo coas necesidades do servizo e peculiaridades do cargo.

Quinto.—Publicar no Taboleiro de Edictos deste Concello e no BOP o presente acordo, en cumprimento do sinalado no artigo 75.5 da Lei 7/1985.

Sexto.—Precisar que o nomeamento dun cargo en concreto pola Alcaldía, que supoña unha dedicación exclusiva establecida por este Pleno, deberá de ser expresamente aceptado polo interesado, dando conta ao Pleno na vindeira sesión desa aceptación.

Mos, a 29 outubro do 2010.—A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez.

2010012656

A N U N C I O

Con data 25.10.2010 publicouse anuncio relativo a aprobación definitiva Ordenanza expedición documentos administrativos; detectado un erro, pola presente, e a tenor do sinalado no artigo 105 Lei 30/1992, de 26 de novembro, se procede á súa rectificación no seguinte senso:

Onde dí: " Información urbanística e certificacións da clasificación e cualificación urbanísticas, alturas, aliñacións, rasantes e outros documentos análogos. 10,56"

Debe dicir:" Información urbanística e certificacións da clasificación e cualificación urbanísticas, alturas, aliñacións, rasantes e outros documentos análogos. 10,26"

Mos, a 22 novembro do 2010.—A Alcaldía, Nidia Arévalo Gómez.

2010012654

Notificación caducidade e arquivo de solicitude de licenza

Por non resultar posible practicar a notificación persoal ó interesado no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ó disposto no art. 59.5 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notificase ás persoas que no anexo se mencionan a declaración de caducidade e arquivo dos expedientes que se relacionan.

Contra a presente resolución poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da presente notificación (art. 8 e 46 da lei 29/1998). Non obstante, e con carácter facultativo, poderá interpor Recurso Potestativo de Reposición ante o propio órgano autor desta resolución no prazo dun mes.

Expte.: 31/03

Interesado: INMOMERCA

Solicitude: Licenza para nave Supermercado

Emprazamento: As Angustias-Sanguñeda, C.N. 120, Km. 656 – marxe dereito

Último domicilio coñecido: Romil, 4-baixo, 36202 Vigo

Expte.:

Interesado: CREACIONES DOBLA, S.L.

Solicitude: Licenza para marmolería

Emprazamento: Avda. Vigo, 6-Portela-Tameiga

Último domicilio coñecido: Rúa Casal, 109 – 36416 Tameiga

Mos, a 17 de novembro de 2010.—O Concelleiro Delegado de Urbanismo, José María Pereira Eiró.

2010012655

* * *

PAZOS DE BORBÉN**EDICTO**

Intentada a notificación a MARISA CAMPOS TOMÉ da Resolución da Xunta de Goberno Local de data 9-11-2010, sobre expediente de reposición da legalidade urbanística, e ó non resultar posible a súa práctica efectiva, de acordo co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de decembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese a notificar mediante publicación no BOP e no Tabaleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén, a seguinte

RESOLUCIÓN:

REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA POR OBRA DE AMPLIACIÓN DE VIVENDA E REFORMA DE CUBERTA EN ALVITE Nº 7.—Dáse conta do expediente de reposición da legalidade urbanística respecto das obras de ampliación da vivenda en Alvite, nº 7, realizadas por Marisa Campos Tomé, non rematadas, sen axustarse á licenza do 25/09/1999, para cambio de madeira e tella na cuberta da mesma vivenda, no que tiveron lugar as seguintes actuacións:

Antecedentes de feito:

1º Con data do 24/07/2009, a Xunta de Goberno Local acordou abrir o expediente de reposición da legalidade urbanística a Marisa Campos Tomé, por obras de ampliación de edificación e reforma da cuberta da súa vivenda, non rematadas e que non se axustan á licenza de cambio

- de madeira e tella na cuberta da mesma, concedida pola Comisión de Goberno o 25/09/1999. No mesmo acordo declarouse a caducidade do expediente aberto o 31/07/2003, polos mesmos feitos e que non foi resolta no prazo legal de un ano, como dispón o artigo 209.4 da Lei 9/2002.
- 2º Tramitado o expediente, no que se recoñeceu como parte interesada á veciña e denunciante María Campos Tomé, e logo de emitidos os preceptivos informes técnico e xurídico, se lle deu audiencia ós interesados para que presentaran alegacións.
- 3º Marisa Campos Tomé solicitou o arquivo do expediente, alegando que a actuación municipal está prescrita por haber transcorrido mais de seis anos dende que se remataron as obras. María Campos Tomé alega que as obras de ampliación da vivenda, continúan realizándose na zona de separación coa súa, incumpren a normativa urbanística, polo menos con respecto ós recuados a lindeiros, e debe resolverse a súa demolición.
- 4º Segundo os informes do técnico municipal, de datas 23 de abril e 16 de setembro de 2003, e do 24 de agosto de 2009, as obras de ampliación da vivenda e reforma da cuberta non están rematadas, modifican a configuración dos faldóns, ampliando a superficie baixo cuberta, mediante a construción dunha zona abuardillada na parte posterior e ampliando así mesmo a parte de superficie correspondente ó primeiro piso que ocupaba unha antiga terraza, estimando que a superficie ampliada por ambos motivos é de 118 m², e o valor da obra executada de 25.000 euros, non sendo legalizables por encontrarse a vivenda fora de ordenación, por existir dentro da parcela un conxunto edificatorio composto por tres vivendas e unha granxa de engorde de polos, que supera a edificabilidade autorizada nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes, así como a súa ocupación e distancia a lindeiros, polo que unicamente se permiten obras de mantemento e conservación. Engade que non consta no Concello ningunha licenza de parcelación que asigne a cada vivenda a parcela mínima esixible e ocupando a matriz unha superficie aproximada de 3.500 m².
- 5º Segundo o ditame redactado polo asesor xurídico, informando as alegacións presentadas, non se pode estimar a prescrición pretendida por Marisa Campos Tomé, xa que as únicas probas presentadas son seis fotos aéreas do Sixpac 1 e 5 de Google Earth, correspondentes ós anos 2001 a 2007, que pola súa falta de detalle son ineficaces para dita finalidade, pois para acreditar o transcurso do prazo, a interesada, que soporta a carga da proba, debería haber acreditado o final da obra mediante certificado de fin de obra, facturas, fotos incorporadas a unha acta notarial, informe do arquitecto que dirixiu as obras, testemuñas, etc.

Fundamentos de dereito:

1º.—A lexislación aplicable ven determinada por:

- Os artigos 208 e seguintes, e a disposición transitoria sexta, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Os artigos 10, 49 e seguintes, do Decreto 28/1999, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, para o desenrolo e aplicación da Lei do solo de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei ou resulte afectada pola mesma.
- O artigo 21.2.s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- Ordenanza nº 3, das Normas Subsidiarias de Urbanismo do Concello de Pazos de Borbén, de 1993, en relación co disposto para as obras fora de ordenación.

2º.—Considérase probado, e que así debe declararse, que as obras realizadas son ilegalizables, por ser incompatibles coa ordenación urbanística vixente, como se pon de manifesto nos informes do técnico municipal.

3º.—Considérase probado así mesmo, que as obras non están rematadas, polo que non se pode aplicarlles a institución da prescrición, como razoa o asesor xurídico do Concello no seu ditame.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, o seguinte acordo:

Primeiro.—Dispoñer a demolición das obras de ampliación da vivenda e reforma de cuberta, non rematadas, realizadas por Marisa Campos Tomé, en Alvite, nº 7 - Nespereira, dándolle un prazo de seis meses para que proceda ó derribo.

Segundo.—Apercibir a Marisa Campos Tomé, de que transcorrido o prazo sen haber procedido o derribo, iniciárase a súa costa a execución forzosa, ben mediante multas coercitivas reiterables ou a través da execución subsidiaria a súa costa, baixo a dirección dos servizos técnicos do Concello.—

Terceiro.—Incoar o expediente de infracción urbanística a Marisa Campos Tomé, por obra de ampliación de vivenda non axustada á licenza.—"

RECURSOS PROCEDENTES

Contra a presente resolución, poderá interpoñerse pola interesada ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira; ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a partir do día seguinte a esta notificación, consorte co establecido nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1988, de 13 de xullo reguladora da jurisdicción contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso postestativo de reposición, éste deberá ser resolto e notificaco no prazo de un mes, entendéndose desestimado polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón a interesada interpoñe-lo recurso contencioso administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición.

Non obstante, tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que os interesados estimen procedente consorte a Dereito.

Pazos de Borbén, a 19 de outubro de 2010.—O Secretario, Miguel Ángel Gómez Álvarez. **2010012693**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14/10/2010 acordou aprobar as seguintes Bases para cubrir como persoal laboral interino 1 praza na categoría de asistente social.

PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

Visto a vacante existente no cadro de persoal de un asistente social, e ante a necesidade de que sexa ocupada a maior brevidade para o funcionamento do servizo o que pertence, e tendo en conta que aínda atopándose incluída na oferta de emprego público do Concello publicada no BOP de 29-12-2008, demoraríase a cobertura da mesma por un prazo demasiado amplo, e polo que considérase que existen razóns de necesidade e urxencia e convócase o presente proceso mediante concurso - oposición libre para a provisión con carácter interino ata a cobertura da mesma polo procedemento regulamentario ou se amortice a mesma, coas características que se indican no cadro posterior a seguinte praza: 1 praza de asistente social.

Denominación e características da praza de asistente social:

Nº de prazas	1
Código praza	1.08.05 (Cadro de persoal BOP 27/08/2008)
Grupo Convenio	2
Xornada	100 %
Denominación	Asistente Social
Retribucións	Convenio Colectivo Concello Pontearreas

SEGUNDA.—REQUISITOS

1.—Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a.—Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

b.—Posuír a capacidade funcional para o desenrolo das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c.—Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d.—Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.

e.—Estar en posesión da diplomatura en traballo social ou equivalente.

f.—Xustificante de ter ingresado as taxas por dereitos de exame, na conta de Caixa Galicia, sucursal de Ponteareas 2091 0517 05 311000043 e na contía establecida na base terceira, no que deberá facerse constar a que praza corresponde.

2.—Todos os requisitos esixidos no punto anterior, deberán reuni-los os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes, e conservarse ata a data de nomeamento.

TERCEIRA.—DEREITOS DE EXAME

1.—Será requisito necesario para participar nas probas selectivas, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine na entidade bancaria, o solicitante aportará xunto coa instancia copia do resguardo do ingreso.

2.—En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base Quinta.

3.—A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

Para as probas selectivas, aplicaranse as seguintes tarifas:

Grupo A2 (antigo grupo B) ou laboral fixo ao nivel equivalente: 40,00 €

4.—Están exentos do pago da taxa aqueles suxeitos pasivos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, segundo o certificado emitido polo IMSERSO, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.
- As persoas inscritas no INEM como demandantes de emprego, non subsidiarios, segundo o certificado emitido polo INEM, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.

5.—Gozarán dunha bonificación do 50 % aqueles suxeitos pasivos, membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo.

Por tanto, non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

CUARTA.—EXPOSICIÓN DESTAS BASES

As presentes bases, unha vez aprobadas polo órgano competente, e simultaneamente co anuncio de selección, expóranse o público no taboleiro de anuncios do Concello, durante o prazo para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

Ase mesmo publicaranse estas bases no taboleiro de anuncios do Concello, e poderán ser publicada na páxina Web do Concello www.ponteareas.es, podendo ser consultadas igualmente na Secretaría Xeral do Concello.

QUINTA.—INSTANCIAS

A instancia según do modelo do Anexo II e toda a demais documentación que se poida considerar como mérito, se presentará no prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte á inserción do anuncio da convocatoria no BOP.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación segundo no modelo do Anexo II que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación.

Dita documentación presentarase no rexistro do Concello de Ponteareas, emprazado en Xardíns Ramiro Sabell S/N, 36860-Ponteareas, en horario de 9 a 13 horas, ou ben polos procedementos admitidos na Lei 30/1992 do 26 de novembro.

Cando a instancia non se presente directamente no rexistro da Corporación, o concursante deberá xustificala data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto) ou mediante o selo de entrada (para o caso de presentarse vía rexistro doutra administración cando tal forma fose admisible). Neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío, e anunciar o mesmo día ao Concello, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA, a remisión da instancia. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso que se recibira unha vez comezada a análise dos méritos.

En todo caso transcorridos 5 días dende a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha solicitude non presentada no rexistro municipal.

A documentación consistirá en fotocopias no compulsadas do D.N.I, da titulación esixida e todos os méritos que se aleguen.

Para acreditar a experiencia laboral, deberase facer a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública, contrato de traballo no que conste o inicio e fin da relación laboral, en defecto desta última data, acompañarase o contrato de vida laboral, parte de baixa o calquera outro medio que acredite fidelisimamente dito período.

Se non se presentara fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación.

SEXTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación, aprobarase a lista de admitidos que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, podendo ser tamén publicada na páxina web www.ponteareas.es

As persoas excluídas poderán reclamar contra a mesma no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte da data da súa exposición pública, no taboleiro de anuncios.

Toda comunicación necesaria no desenvolvemento da presente convocatoria, se realizará por parte do Tribunal no taboleiro de anuncios anteriormente indicado, sendo esta publicación a que establecerá todos os prazos que se poidan fixar para posibles reclamacións, quedando sempre as publicacións na páxina web como potestativa.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Estas bases, estarán a disposición de todo o público no taboleiro de anuncios do Concello, e na Secretaría Municipal, podendo publicarse tamén na páxina www.ponteareas.es

SÉTIMA.—PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso - oposición, e so accederán a segunda fase de concurso as persoas que superen a fase de oposición, e a nota final será a resultante da suma das dúas fases.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente bolígrafo para a realización dos exercicios tipo test.

1.—OPOSICIÓN:

1º Exercicio:

Con carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un exame de 40 preguntas tipo test, a proposta do tribunal sobre o temario que figura no Anexo I, con catro respostas alternativas, nas que soamente unha será a correcta. O tempo máximo de exercicio será de 90 minutos. Esta proba valorarase de 0 a 10 puntos, e para superala, deberá obterse un mínimo de 5 puntos.

Os efectos de determinar o número final de acertos, deberá terse en conta que por cada 3 respostas erróneas descontarase unha correcta. As preguntas deixadas sen contestar, non consideraranse erróneas os efectos de desconto

2º Exercicio:

Con carácter eliminatorio.

Consistirá nunha proba práctica sobre o temario específico do Anexo I

Este 2º exercicio desenvolverase no prazo máximo de dúas horas, valorarase de 0 a 10 puntos e para superalo, será necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

2.—CONCURSO:

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos

a/1.—Coñecemento da lingua galega

A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto:

1.—Pola realización do curso de iniciación da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 3 (Celga 3), homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,5 puntos.

2.—Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga 4), homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 1 punto.

Só se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables as dúas.

a/2 formación complementaria.

A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos.

Por cursos impartidos polas administracións públicas, universidades, INEM, formación continua do AFCA (Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional) relacionadas coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte, e con un máximo de 2 puntos:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,20 puntos.
 - Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,40 puntos.
 - Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,70 puntos.
 - Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
 - Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.
 - Formación como axente de igualdade: 1 punto.
- b) Experiencia –A puntuación máxima nesta base será de 6 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria, similar ou superior categoría, nos 5 anos anteriores o remate de presentación de instancias nos seguintes termos:
- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
 - 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

OITAVA. – PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO

O tribunal formulará a proposta de contratación, a favor do aspirante con maior puntuación.

En caso de empate este desfarase a favor do aspirante coa primeira mellor nota que se acade no seguinte orde: primeiro exercicio da fase oposición, segundo exercicio na fase de oposición, de persistir o empate pasarase a fase do concurso seguindo o seguinte orden: b,a2 e a1, e de manterse o empate resolverase por entrevista curricular, a cal valorarase de 0 a 3 puntos, e soamente servirá para determinar a orde de prelación final e non acumularase a puntuación final do proceso selectivo.

O aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo dos 10 días naturais posteriores a publicación da lista final de puntuacións, os documentos acreditativos conforme reúne os requisitos esixidos na base segunda e quinta da convocatoria, nos que se deberá aportar en todo caso todos os orixinais que se houbesen achegado no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado e salvo circunstancias de forza maior, o aspirante proposto non presentara toda a documentación ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos aportados segundo as bases 2ª e 5ª, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas as actuacións correspondentes, sen perxurio das responsabilidades a que dera lugar. Neste caso, o Tribunal formulará nova proposta de nomeamento a favor do aspirante que lle seguira na orden de puntuación.

NOVENA. – TRIBUNAIS

- 1) Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Xunta de Goberno segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- 2) O tribunal estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario que terá voz e voto e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso os postos convocados.
- 3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

- 4) O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.
- 5) En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Unha vez se coñezan todos e cada un dos integrantes do Tribunal publicarase a súa composición no taboleiro de anuncios do Concello

DÉCIMA. – INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ó amparo da lexislación vixente.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

ANEXO I

PARTE XERAL

Tema 1

A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Reforma Constitucional. O Tribunal Constitucional.

Tema 2

Dereitos e deberes fundamentais. Protección dos mesmos. O Defensor do Pobo.

Tema 3

A Coroa. Funciones constitucionais do Rei. Sucesión, Rexencia e Tutela. O refrendo.

Tema 4

O poder lexislativo: As Cortes . Composición, atribucións e funcionamento. Procedemento de elaboración das leis.

Tema 5

O Goberno do Estado e a Administración. A personalidade xurídica da Administración Pública. Clases de Administracións Públicas. Relaciones entre o Goberno do Estado e as Cortes. Designación, duración e responsabilidade do Goberno.

Tema 6

O Poder Xudicial. O principio de unidade xurisdiccional. O consello Xeral do Poder Xudicial. A organización xudicial española. O Ministerio Fiscal.

Tema 7

A Administración Central do Estado e a Administración Periférica do Estado. A Administración Institucional e a Administración Corporativa.

Tema 8

A Organización Territorial do Estado. A Administración Autónoma: principios informadores e organización. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 9

O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 10

Principios de actuación de la Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación.

Tema 11

Sometemento da Administración a lei e o dereito. Fontes do Dereito Público. A lei: súas clases. O reglamento. Outras fontes do Dereito Administrativo.

Tema 12

O administrado. Concepto e clases. Capacidade e causas modificativas. Colaboración e participación dos cidadáns nas funcións administrativas. O principio de audiencia o interesado.

Tema 13

O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo. Motivación e notificación dos actos administrativos. Eficacia e validez dos actos administrativos. Actos nulos, anulables e irregulares. Execución dos actos.

Tema 14

A Función Pública Local: concepto, selección, provisión de postos de traballo, adquisición e perda da condición de funcionario, dereitos e deberes, sistema retributivo, réxime disciplinario e situacións administrativas.

Tema 15

O persoal laboral : Concepto, selección e adquisición da condición de contratado laboral fixo. Dereitos, deberes e incompatibilidades. O contrato de traballo: concepto e forma, características, modalidades, duración, suspensión e extinción.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1

A Lei de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.

Tema 2

Lei galega de medidas básicas para a inserción social. Antecedentes e fundamentación. Estrutura e contido. Normas de desenvolvemento.

Tema 3

Pensións non contributivas. Modalidades. Requisitos.

Tema 4

Técnicas en traballo social: instrumentais, de coñecemento, de intervención, de avaliación.

Tema 5

O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar: fundamento, funcións e principios básicos como técnico e nos diferentes ámbitos de intervención. Deontoloxía e ética profesional. Os códigos de ética no traballo social en relación co usuario, as institucións e outros profesionais.

Tema 6

Os servizos sociais. Concepto. Os servizos sociais e a Administración pública a nivel estatal, autonómico e local. Organización e competencia. Sistema económico. Cooperación e coordinación.

Tema 7

Servizos sociais de atención primaria. Principios que os inspiran e obxectivos. Competencias e organización. Equipamentos e prestacións básicas que garanten. Equipos técnicos. Plan concertado.

Tema 8

Os servizos sociais especializados. Concepto. Competencias e organización. Referencias legais. Equipamentos.

Tema 9

Servizos sociais especializados I: infancia e adolescencia. Normativa reguladora de menores. Lei 21/1987 e desenvolvemento na Comunidade Autónoma; principais modificacións que introduce.

Tema 10

Servizos sociais especializados II: infancia e adolescencia. Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención perante o maltrato infantil. Prevención, detección e tratamento social. Inadaptación social e conduta delituosa na adolescencia.

Tema 11

Servizos sociais especializados IV: familia. Definición do traballo social con familias e grupos. Enfoques e correntes actuais.

Tema 12

Servizos sociais especializados V: muller. Políticas sociais actuais para mulleres. O papel do profesional nos servizos sociais de atención á muller en situación de necesidade. Violencia de xénero. A situación en Galicia: problemática, recursos, organización administrativa.

Tema 13

Servizos sociais especializados VI: minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais. A Lei de integración social do minusválido (Lismi). Normas de desenvolvemento.

Tema 14

Servizos sociais especializados VII: vellez. Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais e recursos: institucións abertas e pechadas, servizos de apoio, axuda a domicilio e acollemento familiar.

Tema 15

Servizos sociais especializados VIII: drogodependencias. Concepto. Aspectos sociais do drogodependente. Plan autonómico de drogodependencia.

Tema 16

Servizos sociais especializados IX: minorías étnicas. Características e necesidades sociais. Recursos.

Tema 17

Asociacionismo e voluntariado social. Concepto, características e normativa que os regula.

ANEXO II

SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO CONCELLO PONTEAREAS

• **PRAZA SOLICITADA**

Denominación:	Minusvalía %:
	Adaptación solicitada:

• **DATOS PERSOAIS**

Apellidos:	Nome:	D.N.I.:	
		Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:	C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:	

• **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
Acreditación Galego:	Centro de Expedición:	Data:

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

....., de de 20.....

AO ALCALDE PRESIDENTE CONCELLO DE PONTEAREAS

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20/09/2010 acordou aprobar as seguintes Bases para cubrir como persoal laboral fixo 1 praza na categoría de axudante de cociña. (Quenda por reserva de minusvalía).

PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA

Visto a vacante existente no cadro de persoal, e ante a necesidade de que sexa ocupada para o funcionamento do servizo o que pertence, convócase o presente proceso mediante oposición libre para a provisión con carácter fixo polo procedemento regulamentario coas características que se indican no cadro posterior a seguinte praza:

1 praza de axudante de cociña.

Denominación e características da praza axudante de cociña (quenda por reserva de minusvalía):

Nº de prazas	1 (Reserva de minusvalía)
Código praza	1.13.06 (Cadro de persoal BOP 27/08/2008)
Grupo Convenio	5
Xornada	Completa
Denominación	Axudante de Cociña
Retribucións	Convenio Colectivo Concello Pontearreas

SEGUNDA.—REQUISITOS

1.—Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que serán imprescindibles para o acceso a praza:

a.—Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

b.—Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c.—Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d.—Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.

e.—Estar en posesión da titulación de Certificado de Escolaridade ou equivalente.

f.—Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

g.—Ter compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das funcións propias da praza convocada, que se acreditará mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración autonómica.

h.—Xustificante de ter ingresado as taxas por dereitos de exame, na conta de Caixa Galicia, sucursal de Pontearreas nº: 2091 0517 05 3110000043 e na contía establecida na base terceira, no que deberá facerse constar a que praza corresponde. (Ver base TERCEIRA punto 5)

2.—Todos os requisitos esixidos no punto anterior, deberán reuni-los os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes, e conservarse ata a data de nomeamento.

3.—Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios, sinalando as súas necesidades específicas, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte o disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como a normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

TERCEIRA.—DEREITOS DE EXAME

1.—Será requisito necesario para participar nas probas selectivas, aboar dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine na entidade bancaria, o solicitante aportará xunto coa instancia copia do resguardo do ingreso.

2.—En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base Cuarta.

3.—A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

4.—A conta para o ingreso das taxas, será a conta de Caixa Galicia, sucursal de Ponteareas nº: 2091 0517 05 3110000043.

Para as probas selectivas, aplicaranse as seguintes tarifas:

Agrupacións Profesionais (antigo grupo E) ou laboral fixo ao nivel equivalente	20,00 €
--	---------

5.—Están exentos do pago da taxa aqueles suxeitos pasivos que se atopen nalguna das seguintes situacións:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, segundo o certificado emitido polo IMSERSO ou organismo equivalente, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.
- As persoas inscritas no INEM como demandantes de emprego, non subsidiarios, segundo o certificado emitido polo INEM, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.

6.—Gozarán dunha bonificación do 50 % aqueles suxeitos pasivos, membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando non se realice o feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo.

Por tanto, non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

CUARTA.—INSTANCIAS

1.—As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ó Sr. Alcalde Presidente do Concello de Ponteareas segundo modelo establecido no Anexo II das presentes bases.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación do posto convocado á que opta, achegándolle unha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, fotocopias da titulación esixida, grado de minusvalía, fotocopia compulsada da compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias, fotocopia da acreditación do galego, así como de calquera documentación que se considere necesaria presentar para o acceso ou desenvolvemento do proceso selectivo.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación segundo no modelo do Anexo II que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación.

Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo coa documentación necesaria.

2.—O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o extracto no Diario Oficial de Galicia.

3.—A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de Ponteareas emprazado en Xardíns Ramiro Sabell S/N, 36860-Ponteareas, en horario de 9 a 13 horas, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4.—As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

5.—Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1.—Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes o Concello de Ponteareas ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando no seu caso os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, podendo ser publicadas na páxina web www.ponteareas.es.

2.—Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, podendo ser publicadas na páxina web www.ponteareas.es.

3.—Contra a resolución do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Xunto coa resolución de lista definitiva, aprobarase a data e a hora de comezo do primeiro exercicio, debendo publicarse no BOP coa lista definitiva.

Os restantes exercicios serán convocados no taboleiro de anuncios cunha antelación mínima de 72 horas.

4.—O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles reconeza ós interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

SEXTA.—ORDEN ACTUACION ASPIRANTES

A orde de actuación dos candidatos para aquelas probas que non se podan desenvolver simultaneamente, iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “J”

No suposto que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra “J”, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “K”, e así sucesivamente.

SÉTIMA.—PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de oposición que constará de tres exercicios.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, ao xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente bolígrafo para a realización dos exercicios tipo test.

1. – OPOSICIÓN:

1º Exercicio:

Con carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un exame de 20 preguntas, mais 4 preguntas de reserva, a proposta do tribunal sobre o temario que figura no Anexo I, con catro respostas alternativas, nas que soamente unha será a correcta. O tempo máximo de exercicio será de 90 minutos. Esta proba valorarase de 0 a 10 puntos, e para superala, deberá obterse un mínimo de 5 puntos.

Os efectos de determinar o número final de acertos, deberá terse en conta que por cada 3 respostas erróneas descontarase unha correcta. As preguntas deixadas sen contestar, non consideraranse erróneas os efectos de desconto.

2º Exercicio:

Con carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba práctica sobre o temario específico do Anexo I

Este 2º exercicio desenvolverase no prazo máximo de dúas horas, valorarase de 0 a 10 puntos e para superalo, será necesario acadar un mínimo de 5 puntos. Para a súa valoración terase en conta as habilidades e destrezas na execución do mesmo así como a perfección no resultado final da proba

3º Exercicio:

Con carácter non eliminatorio, consistirá na tradución de un texto de castelán o galego elixido polo tribunal, valorarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que posúan o Celga 2 ou equivalente debidamente homologado de conformidade co establecido na Orde de 16 de xullo do 2007 (D.O.G. do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles valorará con 2 puntos.

En caso de empate este desfarase a favor do aspirante coa primeira mellor nota que se acade no seguinte orde: primeiro exercicio da fase oposición, segundo exercicio na fase de oposición, terceiro exercicio da fase de oposición e de persistir o empate resolverase por entrevista curricular, a cal valorarase de 0 a 3 puntos, e soamente servirá para determinar a orde de prelación final e non acumularase a puntuación final do proceso selectivo.

OITAVA. – PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO

Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o das prazas convocadas, serán nomeados persoal laboral fixo polo Alcalde.

Os aspirantes propostos presentarán no Departamento de Persoal, no prazo de 20 días naturais dende a publicación da lista final de puntuacións, os documentos acreditativos conforme reúnen os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria, e concretamente do seguinte xeito: Os extremos contidos nas alíneas a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o da alínea e), con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o da alínea b) e f), a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de superar o oportuno recoñecemento médico; os da alínea d), mediante declaración xurada para o efecto, e o da alínea g) mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración autonómica.

Todas as fotocopias que deban aportarse segundos parágrafos anteriores deberán presentarse conxuntamente cos seus orixinais.

Se dentro do prazo indicado e salvo circunstancias de forza maior, o aspirante proposto non presentara toda a documentación ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos aportados segundo as bases 2ª e 4ª, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas as actuacións correspondentes, sen perxurio das responsabilidades a que dera lugar. Neste caso, o Tribunal formulará nova proposta de nomeamento a favor do aspirante que lle seguira na orden de puntuación.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.

O contrato formalizarase dentro do prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da notificación do nomeamento; de non facelo, sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, os nomeados quedarán na situación de cesantes.

Como consecuencia dos procesos selectivos que teñen lugar, os postos de traballo vacantes adxudicaranse de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados e segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

NOVENA. – TRIBUNAIS

1. – Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Xunta de Goberno segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

2. – O tribunal estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario que terá voz e voto e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso os postos convocados.

3. – A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

4. – O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. – A Presidencia, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6. – Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Sr. Presidente cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

7. – O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

8. – A partir da sesión de constitución, o tribunal para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e ás bases desta convocatoria.

9. – O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

10. – En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

11. – Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

DÉCIMA. – INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ó amparo da lexislación vixente.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

UNDÉCIMA .—REXIME XURIDICO

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación.

DUODÉCIMA.—DISPOSICION FINAL

As bases desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ANEXO I*PARTE XERAL*

Tema 1

A Constitución española. Visión xeral e especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2

A Coroa. As Cortes Xerais. Composición, atribucións e funcionamento. O Tribunal Constitucional. O Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tema 3

O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 4

A Función Pública Local: concepto, selección, provisión de postos de traballo, adquisición e perda da condición de funcionario, dereitos e deberes, sistema retributivo, réxime disciplinario e situacións administrativas.

Tema 5

O persoal laboral : Concepto, selección e adquisición da condición de contratado laboral fixo. Dereitos, deberes e incompatibilidades. O contrato de traballo: concepto e forma, características, modalidades, duración, suspensión e extinción.

TEMARIO ESPECÍFICO

Axudante de cociña

Tema 1

Funcións do persoal de cociña. Organización do traballo .

Tema 2

Os alimentos e a súa manipulación.

Tema 3

Limpeza e desinfección.

Tema 4

Hixiene persoal. Hixiene das instalacións. Maquinaria e utensilios de traballo.

Tema 5

Introdución o sistema de control APPCC.

ANEXO II

SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO CONCELLO PONTEAREAS

• PRAZA SOLICITADA

Denominación:	Minusvalía %:
	Adaptación solicitada:

• DATOS PERSOAIS

Apelidos:		Nome:	D.N.I.:	
			Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:		C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:		Nacionalidade:	

• TÍTULOS ACADÉMICOS

Esixidos na Convocatoria:	Centro de Expedición:	Data:
Acreditación Galego:	Centro de Expedición:	Data:

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

....., de de 20.....

AO ALCALDE PRESIDENTE CONCELLO DE PONTEAREAS

E D I C T O

De acordo co disposto no artigo 112 da lei 58/2003, Xeral Tributaria, do 17 de decembro, e non podendo notificar o procedemento que se relaciona, a pesar dos intentos realizados, citase aos interesados que figuran neste anuncio, para que no prazo de quince días naturais, a contar desde o seguinte ao desta publicación, retiren persoalmente ou por medio dun representante as notificacións referentes aos conceptos que se relacionan, nas dependencias do servizo de bombeiros do Concello de Ponteareas, na rúa As Pombas s/n.

Así mesmo advírtese aos interesados que, de non comparecer no citado prazo, as notificacións entenderanse producidas a tódolos efectos legais, dende o seguinte día ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Listado de liquidacións

<i>Nº LIQ</i>	<i>N.I.F.</i>	<i>NOME DO CONTRIBUINTE</i>	<i>MUNICIPIO</i>
LIQUIDACIÓNS SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
59/09	35788162R	MARÍA DEL CARMEN BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ	PONTEAREAS
70/09		MASILIA MAGLICIA MORAIS	PONTEAREAS
8/10	Y0611284G	LUIS FELIPE MONTALVO PEREIRA	A CAÑIZA
11/10	15881796	JUAN JOSÉ PINO BRAVO	PONTEAREAS
57/10	77008488A	JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LAGE	PONTEAREAS
67/10	77008488A	JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LAGE	PONTEAREAS
79/10	35790857M	BENITO PORTO LORENZO	PONTEAREAS

Ponteareas, a 14 de xullo de 2010.—O Concelleiro Delegado de Tráfico Seguridade e Bombeiros, Juan Carlos González Carrera. **2010008268**

E D I C T O

De acordo co disposto no artigo 112 da lei 58/2003, Xeral Tributaria, do 17 de decembro, e non podendo notificar o procedemento que se relaciona, a pesar dos intentos realizados, citase aos interesados que figuran neste anuncio, para que no prazo de quince días naturais, a contar desde o seguinte ao desta publicación, retiren persoalmente ou por medio dun representante as notificacións referentes aos conceptos que se relacionan, nas dependencias do servizo de bombeiros do Concello de Ponteareas, na rúa As Pombas s/n.

Así mesmo advírtese aos interesados que, de non comparecer no citado prazo, as notificacións entenderanse producidas a tódolos efectos legais, dende o seguinte día ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Listado de liquidacións

<i>Nº LIQ</i>	<i>N.I.F.</i>	<i>NOME DO CONTRIBUINTE</i>	<i>MUNICIPIO</i>
LIQUIDACIÓNS SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS			
57/10	X7136531E	MICAELA ANGÉLICA PINTOS FERNÁNDEZ	PONTEAREAS
28/10	36066137K	JESÚS COMESAÑA FREYRE	PONTEAREAS
35/10	X7136531E	MICAELA ANGÉLICA PINTOS FERNÁNDEZ	PONTEAREAS
47/10	34879807P	VÍCTOR ABRIL GAYOSO	PONTEAREAS
81/10	36128491E	JAVIER GONZÁLEZ OTERO	PONTEAREAS
88/10	34879274G	LETICIA DELGADO RIVERO	PONTEAREAS
93/10	02607539Y	JOSÉ VILAS NOGUEIRA	PONTEAREAS
96/10	10089130C	GABRIEL BAUTISTA VAZMOURA	PONTEAREAS
98/10	X3823375Q	PEGGY BENDER DELGADO	PONTEAREAS

Ponteareas, a 18 de agosto de 2010.—O Concelleiro Delegado de Tráfico Seguridade e Bombeiros, Juan Carlos González Carrera. **2010009220**

E D I C T O

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26-07-2010 acordou:

1º—Aprobar o Padrón das taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de Auga, Sumidoiros, Depuración, Canon, Conservación e lixos, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2010, que ascende a cantidade de:

1. Auga	124.821,49 €
1. Sumidoiros	51.381,08 €
1. Depuración	64.689,73 €
1. Canon	34.457,05 €
1. Conservación	4.345,60 €
1. R.Lixos	141.820,57 €
IVE 7%	13.302,11 €
IVE 16%	712,00 €
TOTAL FACTURACIÓN	435.529,63 €

2º.—Expoñer ao público o referido Padrón durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados nas oficinas do Concello e nas de Aquagest en días hábiles durante as horas de oficina e poidan facelas reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

3º.—Así mesmo faise saber que, sen perxuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas será dende o 05-07-2010 ata o próximo día 07-09-2010.

4º—Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao do remate do período de exposición pública do referido padrón (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.

Ponteareas, a 29 de xullo do 2010.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2010008827

E D I C T O

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26-07-2010 acordou:

1º—Aprobar o Padrón das taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de Auga, Sumidoiros, Depuración, Canon, Conservación e lixos, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2010, que ascende a cantidade de:

1. Auga	124.821,49 €
1. Sumidoiros	51.381,08 €
1. Depuración	64.689,73 €
1. Canon	34.457,05 €
1. Conservación	4.345,60 €
1. R. Lixos	141.820,57 €
IVE 7%	13.302,11 €
IVE 16%	712,00 €
TOTAL FACTURACIÓN	435.529,63 €

2º.—Expoñer ao público o referido Padrón durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados nas oficinas do Concello e nas de Aquagest en días hábiles durante as horas de oficina e poidan facelas reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

3º.— Así mesmo faise saber que, sen perxuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas será dende o 05-07-2010 ata o próximo día 07-09-2010.

4º.— Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao do remate do período de exposición pública do referido padrón (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais).

Ponteareas, a 10 de agosto do 2010.— O Alcalde, Salvador González Solla.

2010009063

* * *

PONTECESURES

A N U N C I O

Tendo quedado definitivamente aprobado o expediente de suplemento e crédito extraordinario número 1/2010 dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión do día 11 de outubro de 2010, por un importe de CIENTO TRES MIL TRESCIENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (103.384,63 €), e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que logo de dito expediente, o resume por capítulos deste presuposto queda do seguinte xeito:

ESTADOS DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	850.221,95
2	Gastos en bens correntes e servizos	936.317,36
3	Gastos financeiros... ..	
4	Transferencias correntes	207.867,25
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións reais... ..	43.384,63
7	Transferencias de capital	
8	Activos financeiros	
9	Pasivos financeiros	6.734,55
	SUMA TOTAL GASTOS	2.044.165,74

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostes directos	525.000,00
2	Impostos indirectos	33.000,00
3	Taxas e outros ingresos	320.982,52
4	Transferencias correntes	1.060.258,59
5	Ingresos patrimoniais	5.000,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	
7	Transferencias de capital	
8	Activos financeiros	103.384,63
9	Pasivos financeiros	
	SUMA TOTAL INGRESOS	2.047.625,74

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontecesures, a 16 de novembro de 2010.— A Alcaldesa, María Isabel Castro Barreiro.

2010012436

O PORRIÑO

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, procédese a dar publicidade das subvencións concedidas durante o segundo trimestre do ano 2010:

1.—Concesión directa de subvención á Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para integración socio-laboral das persoas discapacitadas.

—Importe concedido:	7.500,00
—Crédito orzamentario de imputación:	313.48000

— Data aprobación: resolución da alcaldía de 30 de abril de 2010.

— Obxecto da subvención: Integración socio-laboral das persoas discapacitadas e para posibilitar a asistencia dos usuarios do Concello ás aulas que a entidade ten en funcionamento no Hospital Psiquiátrico do Rebullón.

2.—Convocatoria pública de subvencións ós colexios públicos do Porriño para xestión directa polos consellos escolares do mantemento ordinario:

Beneficiarios:

—CEIP Xosé Fernández López	11.025,18
—CEIP de Atios	8.527,18
—Colexio Público Cruz-Budiño	8.707,03
—Colexio Público Ribeira-Torneiros	10.865,31
—Colexio Antonio Palacios	10.875,30
Crédito orzamentario de Imputación:	422.48900

Data publicación: 18 de maio de 2010.

3.—Convocatoria pública de subvencións ás ANPAS dos colexios públicos do Porriño para actividades extraescolares:

Beneficiarios:

—ANPA Sta. Eulalia-Colexio de Atios	1.979,62
—ANPA Alborada	4.144,00
—ANPA Oliveira	2.912,69
—ANPA Castelao	5.854,00
—ANPA Colexio P. Cruz-Budiño	2.657,62
—ANPA Pino Manso	5.449,67
Crédito orzamentario de imputación:	422.48901

Data aprobación: 18 de maio de 2010

4.—Concesión directa de subvención á ANPA do ÍES Ribeira do Louro, para actividades extraescolares do curso 2009-2010.

Importe concedido:	6.210,00
Crédito orzamentario de imputación:	422.48901

Data aprobación: resolución da alcaldía de 15 de xuño de 2010.

Obxecto da subvención: Realización de actividades extraescolares ó longo do curso escolar 2009-2010.

Exposición ó público: Os expedientes de concesión estarán a disposición dos interesados no servizo de Intervención para xeral coñecemento.

O Porriño, a 16 de agosto de 2010.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2010009202

Anuncio de elevación a definitiva da adxudicación provisional

Por Decreto de data 15 de novembro de 2010, procedeuse á elevación a definitiva da adxudicación provisional ditada, no procedemento de contratación da obra de Seguridade Vial nas estradas N-120, N-550 e Torneiros, coas seguintes especificidades:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c) Número de expediente: 10/10/

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto: Seguridade Vial nas estradas N-120, N-550 e Torneiros.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: negociado sen publicidade

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a) Base imponible: 50.676,75 €
- b) IVE: 8.108,28 € (16%)

5. FINANCIAMENTO

- a) Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local creado por Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro.

6. DATA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL:

- a) 27 de outubro de 2010.

7. ELEVACIÓN DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL A DEFINITIVA:

- a) Data: 15 de novembro de 2010.
- b) Contratista: SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe da adxudicación: 50.169,98 € base imponible, máis 9.030,60 € en concepto de 18% de IVE.
- e) Prazo de execución: DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

8. PÁXINA WEB DONDE FIGUREN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN:

www.contratosdeg Galicia.es

O Porriño, a 15 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2010012537

Anuncio de adjudicación

Por Decreto de data 12 de novembro de 2010, procedeuse á adjudicación no procedemento de contratación da obra acondicionamento e actividade de aulas destinadas os cursos de formación no Edificio Multiusos de Torneiros, coas seguintes especificidades:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c) Número de expediente: 35/06

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto: Acondicionamento e actividade de aulas destinadas os cursos de formación no Edificio Multiusos de Torneiros.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: negociado sen publicidade

4. ORZAMENTO, BASE DE LICITACIÓN

- a) Base imponible: 127.302,87 €
- b) IVE: 22.914,52 €

5. FINANCIAMENTO

- a) Subvención de carácter plurianual concedida ó abeiro da Orde do 13 de febreiro de 2006 pola que se anuncian as axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia.

6. ADXUDICACIÓN:

- a) Data: 12 de novembro de 2010.
- b) Contratista: CONSTRUCCIONES CACHADA S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe da adjudicación: 92.608,61 € base imponible, máis 16.669,55 € en concepto de IVE.

7. PÁXINA WEB DONDE FIGUREN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN:

www.contratosdegalicia.es

O Porriño, a 19 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2010012599

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal á mercantil CONSTRUCCIONES LOMBARDI, S.L., como responsable en calidade de construtora, no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase á interesada, para que no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación



deste anuncio no BOP, retire, mediante representante legal, a notificación que a continuación se relaciona, obrante no expediente administrativo de reposición da legalidade nº 85/10.

Traslado da Resolución da Alcaldía de data 29.10.10, de inicio de procedemento de reposición da legalidade urbanística, en relación ás obras realizadas en edificación sita en Alto de Ostras, 4 – barrio Outeiro das Penas - Cesantes.

Redondela, a 19 de novembro de 2010.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro.

2010012694

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobada definitivamente a “MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS”, publicase íntegramente o texto ós efectos da súa entrada en vigor:

“A Constitución española establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. En tal sentido as Bibliotecas Públicas constitúen un medio fundamental no cumprimento de dito mandato constitucional, xa que teñen como obxectivo facilitar a todos os cidadáns o acceso á información e á cultura.

Co fin de garantir o exercicio de tal dereito, así como establecer as normas de funcionamento da Rede de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Sanxenxo, preséntase para a súa aprobación o presente Regulamento.

A Lei 14/1989, do 11 de outubro, de Bibliotecas, artigo 1.1, entende por Biblioteca Pública en Galicia un centro cultural no que se reúne un conxunto organizado de libros, publicacións periódicas, rexistros sonoros e audiovisuais, ou calquera outro soporte de conservación e reprodución de textos, situado en determinados recintos fixos ou móbiles para a súa utilización polo público, que ten como finalidade contribuír cos medios técnicos e persoal axeitado, esencialmente ó exercicio do dereito á cultura e á información, á difusión e ó fomento da lectura, ó enriquecemento de tempo libre e á promoción e difusión da lingua e da cultura galega.

O Manifesto da UNESCO sobre a Biblioteca Pública expón que “a Biblioteca Pública, ponte local cara o coñecemento, constitúe o requisito básico para o aprendizaxe ó longo dos anos, para a toma de decisións e o progreso cultural do individuo e os grupos sociais”

Este Manifesto proclama a fe da UNESCO na Biblioteca Pública como unha forza viva para a educación, a cultura e a información e como un axente esencial para o fomento da paz e do benestar espiritual a través do pensamento de homes e mulleres.

A Biblioteca Pública é un servizo de existencia obrigatoria para todos os concellos que teñan máis de 5000 habitantes (artigo 26.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LBRL) ou que contén cun núcleo urbano con poboación superior a 1000 habitantes (artigo 81.a, parágrafo segundo da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, LALG).

A competencia municipal respecto a esta materia está recoñecida nos artigos 25.2m da LBRL e 80.2.n da LALG.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. – FINALIDADE

Unha Rede Bibliotecaria é un conxunto de bibliotecas e servizos bibliotecarios integrados nunha unidade administrativa cunha planificación e xestión común e un funcionamento global.

A Rede de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Sanxenxo (RBPM) ten como misión prestar a todos os cidadáns o servizo de biblioteca pública nos termos e coas condicións que establecen na Lei de bibliotecas de Galicia e normativa de desenvolvemento da mencionada lei.

ARTIGO 2.—ÓRGANOS E CENTRO DA REDE

A RBPM, está formada por:

- Biblioteca Central “Emilia Pardo Bazán” de Sanxenxo
- Biblioteca Pública Municipal de Portonovo
- Axencia de Lectura Pública Municipal de Vilalonga

Sen prexuízo, de que esta RBPM se poida ver aumentada con outras bibliotecas.

ARTIGO 3.—ENTIDADE XURÍDICA

3.1.—A RBPM é de titularidade municipal, polo tanto a súa xestión pertence ó Concello de Sanxenxo a través do O.A. Terra de Sanxenxo, na medida e forma establecida pola lexislación vixente, e deberá ter a autonomía que lle é propia pola súa especialidade funcional.

3.2.—Todas as bibliotecas están inscritas no Rexistro de Bibliotecas da Xunta de Galicia.

ARTIGO 4.—ESTRUTURA DA REDE

A Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán actuará como centro coordinador da rede municipal de bibliotecas.

ARTIGO 5.—FUNCIONES

Son funcións da RBPM as seguintes:

- a) Ofrecerlle ó público un conxunto organizado de fondos bibliográficos e audiovisuais que permitan a formación cultural e a atención das necesidades de información dos cidadáns.
- b) Conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico.
- c) Fomentar o uso e a cooperación mediante o intercambio de información, adquisicións e préstamos.
- d) Fomentar a cooperación interbibliotecaria mediante o intercambio de información, a coordinación de adquisicións e os préstamos.(Lei 14/1989, do 11 de outubro, de Bibliotecas)
A Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán ademais destas funcións:
- e) Deberá actuar como cabeceira da rede para efectos de información bibliográfica, automatización e préstamo intrabibliotecario.
- f) Recoller, procesar e conservar tamén, dentro da súa sección local, material bibliográfico, fonográfico e hemerográfico que se produza no seu ámbito territorial (Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición de normativa en materia bibliotecaria).

ARTIGO 6.—CONSTITUCIÓN DOS FONDOS DA RBPM

O fondo da RBPM constitúese con:

- a) As coleccións e fondos adquiridos pola propia RBPM con orzamento municipal.
- b) As dotacións e envíos da Consellería de Cultura.
- c) As doazóns e achegas doutras entidades, organismos, institucións e persoas físicas.

A biblioteca pode admitir en depósito fondos independentemente da súa titularidade. A entrega en depósito debe acreditarse mediante a correspondente acta.

No que se refire á aceptación de doazóns, xa sexa de obras singulares ou de coleccións, actuarase de acordo coa natureza da biblioteca e conforme ás normas establecidas na política de colección.

Para a aceptación de doazóns ou legados a favor da biblioteca que teñan carácter de colección organizada e que vinculen a distintas institucións ou administracións, é necesario que exista unha resolución administrativa; en calquera caso a biblioteca deberá valorar a conveniencia de aceptar a doazón.

Cando se trate de material librario antigo ou de material librario editado antes de 1958, que constitúa un referente significativo dende o punto de vista patrimonial, deberase poñer en coñecemento da biblioteca competente en materia de patrimonio bibliográfico.

ARTIGO 7.—RÉXIME ECONÓMICO

O mantemento da RBPM queda garantido por:

- a) O orzamento anual do O.A. Terra de Sanxenxo, debendo consignar as partidas específicas para: persoal, fondo bibliográfico, sonoro, audiovisuais, informático e materiais especiais, mobiliario e enseres, conservación e equipamento dos locais, automatización e informatización, gastos varios de funcionamento e actividades.
- b) As achegas que ingresen por subvencións ou doazóns doutras administracións, entidades ou organismos, herdanzas, legados e doazóns de persoas físicas ou xurídicas.

ARTIGO 8.—HORARIO

8.1.—Segundo a normativa vixente, o horario de atención ó público será de 25 horas semanais como mínimo. Para as axencias de lectura municipais o horario de atención ó público será, polo menos, de 15 horas semanais ao longo de 3 días como mínimo.

8.2.—A realización de fotocopias polos usuarios paralizarase 15 minutos antes do peche da biblioteca.

8.3.—Na RBPM, os usuarios deberán acudir ó mostrador de préstamo 15 minutos antes do horario de peche das bibliotecas.

8.4.—O horario de utilización da sala, aparellos ou servizo de materiais audiovisuais, sonoros, informáticos e Internet será 15 minutos despois do horario de apertura da biblioteca e pecharase 15 minutos antes do cerre.

CAPÍTULO II.—USUARIOS E SERVIZOS: NORMAS DE USO E FUNCIONAMENTO

ARTIGO 9.—SERVIZOS

De acordo coa normativa vixente as bibliotecas integradas na RBPM prestarán os seguintes servizos:

9.1.—A Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán prestará, polo menos, os seguintes servizos:

- Información bibliográfica
- Consulta en sala
- Préstamo a domicilio
- Hemeroteca
- Servizos de materiais sonoros e audiovisuais
- Sección infantil e xuvenil
- Sección local

9.2.—As demais que teñan categoría de bibliotecas, prestarán, polo menos, os seguintes servizos:

- Información bibliográfica
- Consulta en sala
- Préstamo a domicilio
- Hemeroteca
- Sección infantil e xuvenil
- Sección local

9.3.—As que teñan categoría de axencias de lectura, prestarán, polo menos, os seguintes servizos:

- Información bibliográfica
- Préstamo a domicilio
- Sección infantil e xuvenil
- Consulta en sala

ARTIGO 10.—ACCESO ÁS BIBLIOTECAS

10.1.—O acceso ás dependencias públicas da RBPM será libre e non requirirá acreditación de identidade, excepto para o servizo de préstamo, audiovisuais, informática e internet, e uso de material bibliográfico especial situado en armarios ou vitrinas, para o que a RBPM expedirá o correspondente carné de lector.

10.2.—As únicas restricións en razón da seguridade e conservación realizaranse en función do carácter patrimonial ou especial de certos documentos, material bibliográfico ou audiovisual, non obstante será posible o seu uso na sala con fins de investigación, baixo autorización e supervisión do persoal responsable da biblioteca.

10.3.—O acceso será de balde, coas excepcións que se determinen polos órganos competentes do concello, como por exemplo o servizo de reprografía.

10.4.—Permitirase a entrada con materiais informáticos ou de escritura propios, tales como ordenadores portátiles, pero non a de cámaras fotográficas, escáneres e outros aparellos de reprodución. Os teléfonos móbiles deberán permanecer desconectados no interior das bibliotecas.

10.5.—Non se permitirá comer, beber, fumar, introducir animais, nin permanecer nas salas cunha finalidade distinta á fixada para cada espazo, así como alterar o orde ou o silencio, marcar ou danar bens mobles ou inmobles, ou variar a distribución do mobiliario.

Tampouco se consentirá subliñar, escribir, dobrar, raspar, mutilar ou alterar de calquera maneira os documentos, material bibliográfico, audiovisual, sonoro, informático ou calquera tipo de fondos da RBPM.

Non se permitirá a reserva dos postos de lectura.

10.6.—A biblioteca non é responsable nin da custodia nin da perda de obxectos de valor que se puideran producir.

10.7.—O acceso ás salas está supeditado á celebración de calquera outra actividade educativa.

ARTIGO 11.—ACCESO ÓS FONDOS

11.1.—Todos os usuarios teñen acceso libre e de balde ás dependencias das bibliotecas, así como á información sobre os servizos das mesmas e sobre a forma de utilizalas.

11.2.—A maioría dos fondos das bibliotecas son de libre acceso, polo que o usuario accede a eles directamente, sen necesidade de solicitálos. Os fondos que estean en acceso pechado deberán ser solicitados ó persoal da biblioteca cumprimentando a correspondente ficha.

11.3.—Calquera lector/a pode propoñer á RBPM a adquisición de libros ou outros fondos que considere necesarios, solicitándoos en calquera das bibliotecas da RBPM. Estes serán considerados en base a súa calidade, vixencia, necesidade, tipo de biblioteca e orzamento.

11.4.—O usuario responsabilízase de respectar a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.

ARTIGO 12.—SERVIZO DE PRÉSTAMO

12.1.—Establécense 3 tipos de préstamo:

- a) Individual, realizado a persoas físicas.
- b) Interbibliotecario, efectuado entre bibliotecas.

c) Colectivo, realizado a institucións, organismos, asociacións, centros de ensino, profesorado, investigadores ou grupos de persoas mediante lotes de libros.

12.2.—Serán obxecto de préstamo todos os libros existentes nas bibliotecas, de carácter xeral, excepto os que se enumeran a continuación:

- a) Os manuscritos, incunables, raros e preciosos, se os houbera nalgunha das bibliotecas.
- b) Os exemplares únicos que, por non estar á venda no comercio, sexan dificilmente dispoñibles.
- c) Os doados á RBPM coa condición expresa de non ser obxecto de préstamo.
- d) As enciclopedias, dicionarios e atlas, e en xeral, obras de consulta ou uso moi frecuente que determine o bibliotecario/a.
- e) Os que teñan carácter de únicos pola singularidade da súa encadernación, por ter dedicatorias manuscritas, debuxos orixinais, notas, ou comentarios manuscritos de personalidades.
- f) As obras que polas súas características especiais, queden excluídas do préstamo por decisión do bibliotecario/a.

12.3.—Para a obtención dos préstamos individuais é preciso posuír o carné ou tarxeta de lector dalgunha das bibliotecas da RBPM. Non obstante, o bibliotecario/a poderá autorizar discrecional e ocasionalmente o préstamo sen dita tarxeta.

12.4.—Só se realizarán préstamos ós propios lectores que figuren no carné de lector, que é persoal e intransferible para cada individuo, ou a familiares de primeiro grado e titores legais. Este carné deberá ser mostrado ó persoal da biblioteca, sempre que llo soliciten.

O carné é de balde e pódese realizar en calquera das bibliotecas da RBPM, sendo válido para toda a rede.

Para a realización do carné ou tarxeta de lector é necesario:

- Entregar dúas fotografías recentes, tamaño carné.
- Presentar o DNI ou outro documento oficial de identificación (os menores de idade que non o posúan deberán presentar a autorización do pai, nai ou titor, e algún documento identificativo dos mesmos), dar os datos necesarios e asinar o mencionado carné ou tarxeta de lector (no caso dos/as nenos/as que non saiban escribir poderán facelo por eles o pai, nai ou titor).

Deberá comunicarse á RBPM a perda do carné de lector. Será responsabilidade deste cantas transaccións se realicen co mencionado carné ata o momento en que comunique a perda ó persoal bibliotecario.

Todos os usuarios se comprometen a comunicar calquera variación nos datos que consten no carné ou tarxeta de lector.

12.5.—Os lectores poderán retirar dunha vez ou reter en préstamos sucesivos ata dous volumes (libros). O bibliotecario poderá autorizar, cando o considere conveniente, a determinados lectores e en determinadas circunstancias, retirar un número maior ou menor.

12.6.—Previa presentación do carné ou tarxeta de lector, cada persoa poderá sacar en préstamo 2 libros, por un período máximo de 15 días. O préstamo poderase renovar unha vez, por un período idéntico de 15 días de cada vez. Non se poderá renovar un libro ou volume se hai lista de espera do mesmo. Excepcionalmente o persoal poderá reducir o tempo de préstamo dunha obra.

O tempo de préstamo conta a partir do día en que levou o libro en préstamo. Unha vez transcorridos o prazo de préstamo procederase á reclamación por teléfono ou por carta do libro ou libros prestados.

12.7.—Ós usuarios deben asegurarse, previamente, de que o libro ou material que desexan non se atopa prestado. No caso de que estea prestado poderán apuntarse nunha lista de espera. Avisaráselles por teléfono no momento en que o material solicitado estea dispoñible para o seu préstamo.

12.8.—A RBPM queda autorizada a establecer, na condición de reciprocidade, convenios con outras bibliotecas para o préstamo interbibliotecario.

12.9. – A RBPM queda autorizada para realizar préstamos colectivos a entidades, centros de ensino, asociacións ou grupos de persoas que o soliciten, tendo que nomear por parte dos solicitantes unha persoa responsable.

O número de fondos e o tempo de préstamo será a convir entre o/a bibliotecario/a e os solicitantes, dependendo do tipo de fondos solicitados e necesidades.

12.10. – Normativa sobre o préstamo de revistas:

- Todas as revistas custodiadas nas bibliotecas poden ser obxecto de préstamo.
- Como norma xeral prestaranse os números atrasados, quedando o último número recibido para consulta na sala.
- Cada socio poderá levar un máximo de dúas revistas.
